

ORDENANZA FISCAL XERAL

Índice de contidos

TÍTULO I.- DISPOSICIÓN XERAIS DO ORDENAMENTO TRIBUTARIO

CAPÍTULO I.- DISPOSICIÓN XERAIS (Artigos 1 e 2)

CAPÍTULO II.- NORMAS TRIBUTARIAS (Artigos 3 e 4)

TÍTULO II.- OS TRIBUTOS

CAPÍTULO I.- OBRIGAS TRIBUTARIAS (Artigos de 5 a 18)

CAPÍTULO II.- OBRIGADOS TRIBUTARIOS (Artigos de 19 a 28)

CAPÍTULO III.- ELEMENTOS DE CUANTIFICACIÓN DA OBRIGA TRIBUTARIA PRINCIPAL E DA OBRIGA DE REALIZAR PAGAMENTOS A CONTA (Artigos de 29 a 32)

CAPÍTULO IV.- A DÉBEDA TRIBUTARIA (Artigos de 33 a 51)

TÍTULO III.- APLICACIÓN DOS TRIBUTOS

CAPÍTULO I.- ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA E DOS OBRIGADOS TRIBUTARIOS (Artigos de 52 a 55)

CAPÍTULO II.- NORMAS SOBRE ACTUACIÓN E PROCEDIMENTOS TRIBUTARIOS: ESPECIALIDADES DOS PROCEDIMENTOS ADMINISTRATIVOS EN MATERIA TRIBUTARIA (Artigos de 56 a 59)

CAPÍTULO III.- PROCEDIMIENTO DE XESTIÓN TRIBUTARIA (Artigos de 60 a 69)

CAPÍTULO IV.- PROCEDIMIENTO DE INSPECCIÓN TRIBUTARIA (Artigos de 70 a 74)

CAPÍTULO V.- PROCEDIMIENTO DE RECADACIÓN (Artigos de 75 a 80)

TÍTULO IV.- A POTESTADE SANCIONADORA

CAPÍTULO I.- PRINCIPIOS DA POTESTADE SANCIONADORA EN MATERIA TRIBUTARIA (Artigos 81 e 82)

CAPÍTULO II.- DISPOSICIÓN XERAIS SOBRE INFRACCIÓN E SANCIÓN TRIBUTARIAS (Artigos de 83 a 85)

TÍTULO V.- REVISIÓN EN VÍA ADMINISTRATIVA

CAPÍTULO I.- MEDIOS E PROCEDIMENTOS DE REVISIÓN (Artigo 86)

CAPÍTULO II.- PROCEDIMENTOS ESPECIAIS DE REVISIÓN (Artigos 87 a 92)

CAPÍTULO III.- RECURSOS ADMINISTRATIVOS (Artigo 93)

TÍTULO VI.- ENTIDADE XESTORA E ENTIDADES COLABORADORAS

CAPÍTULO I.- AUTORIZACIÓN (Artigos de 94 a 96)

CAPÍTULO II.- RÉXIME DE ACTUACIÓN DA ENTIDADE XESTORA E DAS ENTIDADES COLABORADORAS (Artigos de 97 a 106)

CAPÍTULO III.- PROCEDIMIENTO XERAL DE INGRESO: COORDINACIÓN XESTORA-COLABORADORAS (Artigos de 107 a 109)

CAPÍTULO IV.- ACHEGA DE INFORMACIÓN (Artigos de 110 a 112)

CAPÍTULO V.- CONTROL E SEGUIMIENTO DA ACTUACIÓN DA ENTIDADE XESTORA E DAS ENTIDADES COLABORADORAS (Artigos de 113 a 115)

DISPOSICIÓN ADICIONAL

DISPOSICIÓN FINAL

TÍTULO I DISPOSICIÓN XERAIS DO ORDENAMENTO TRIBUTARIO

CAPÍTULO I PRINCIPIOS XERAIS

ARTIGO 1

A presente Ordenanza fiscal xeral ditase ao abeiro do artigo 106.2 da Lei 7/85 de bases de réxime local, artigos 11, 12.2 e 15.3 do Real decreto lexislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, así como o apartado 3 da disposición adicional cuarta da Lei 58/2003 xeral tributaria.

ARTIGO 2

A presente Ordenanza Fiscal Xeral contén normas comúns tanto substantivas como procesuais que, se consideran, para todos os efectos, parte integrante das ordenanzas fiscais e regulamentos que se diten en relación á xestión, recadación e inspección de ingresos de dereito público municipais.

CAPÍTULO II NORMAS TRIBUTARIAS

ARTIGO 3.- INTERPRETACIÓN

1. As normas que contén a presente ordenanza interprétanse conforme ao disposto no apartado 1 do artigo 3 do Código civil.
2. En tanto non se definan pola normativa tributaria, os termos empregados nas súas normas entenderanse conforme ao seu sentido xurídico, técnico ou usual, segundo proceda.
3. No ámbito das competencias desta corporación, corresponderá ao alcalde ou ao / á tenente de alcalde en quen delegue, a facultade para ditar disposicións interpretativas ou aclaratorias das ordenanzas fiscais.
4. Non se admitirá a analoxía para estender máis alá dos seus termos estrictos o ámbito do feito imponible, das exencións e demais beneficios ou incentivos fiscais.

ARTIGO 4.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

As ordenanzas fiscais serán de aplicación en todo o termo municipal de Oleiros e aplicaranse consonte cos principios de residencia efectiva e territorialidade, segundo proceda. Todo iso sen prexuízo das actuacións de colaboración previstas no artigo 8.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

TÍTULO II OS TRIBUTOS

CAPÍTULO I OBRIGAS TRIBUTARIAS

ARTIGO 5.- OBRIGA TRIBUTARIA PRINCIPAL

A obriga tributaria principal ten por obxecto o pagamento da cota tributaria.

ARTIGO 6.- FEITO IMPOÑIBLE

1. O feito imponible é o orzamento de natureza xurídica ou económica fixado pola ordenanza correspondente para configurar cada tributo e cuxa realización orixina o nacemento da obriga tributaria principal.
2. Cada ordenanza fiscal poderá completar a delimitación do feito imponible mediante a mención de supostos de non suxeición, así como das condicións en que naza a obriga de contribuír.

ARTIGO 7.- SIMULACIÓN

1. Nos actos ou negocios nos que exista simulación, o feito imponible gravado será o efectivamente realizado polas partes.

ARTIGO 8.- PERCEPCIÓN

1. A percepción é o momento en que se entende realizado o feito imponible e no que se produce o nacemento da obriga tributaria principal.
2. A ordenanza de cada tributo poderá dispoñer a esixencia do pagamento da cota, ou de parte desta, en momento distinto do percibido.

ARTIGO 9.- EXENCIÓNS

1. Son supostos de exención aqueles nos que, a pesar de realizarse o feito imponible, a ordenanza exime do cumprimento da obriga tributaria principal.

ARTIGO 10.- INTERPRETACIÓN

1. Non se outorgarán outras exencións, bonificacións ou reducións que as concretamente autorizadas pola lei, pactos ou tratados internacionais. A ordenanza fiscal de cada tributo deberá regular os supostos de concesión de beneficios fiscais.
2. As exencións, bonificacións e reducións interpretaranse en sentido restrictivo e non se aplicarán a máis persoas -e só polas súas obrigas tributarias propias e directas- que ás taxativamente previstas, nin se estenderán a máis supostos que os sinalados especificamente.
3. Cando nas respectivas ordenanzas se declare exento de pagamento de tributos ao Estado, este beneficio non comprenderá ás entidades ou organismos que, calquera que fose a súa relación ou dependencia do Estado, posúan personalidade xurídica propia e independente e non teñan recoñecida por lei a exención especial.

ARTIGO 11.- BONIFICACIÓNS EN MATERIA DE TAXAS

- 1.- Para a fijación das tarifas dos tributos que, polas súas características, o permitan, terase en conta a capacidade económica das persoas que deban satisfacelos.
- 2.- O importe estimado das taxas pola prestación dun servizo ou pola realización dunha actividade, non poderá exceder, no seu conxunto, do custo real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate.
- 3.- O Concello Pleno, nos actos de aprobación de plans de actuación sectorial ou instrumentos de planeamento poderá establecer beneficios fiscais de taxas municipais sometidas en todo caso aos principios de capacidade económica e xustiza distributiva.



4.- Nos supostos establecidos no apartado 3 anterior, así como no suposto de que unha ordenanza específica autorice a concesión de beneficios fiscais a persoas de escasa capacidade económica, como xubilados, pensionistas e outras, haberán de cumprirse os requisitos establecidos no artigo seguinte deste texto.

5.- É condición necesaria para satisfacerse de beneficios fiscais, carecer de débedas vencidas por calquera concepto, no momento de presentar a solicitude.

ARTIGO 12.- TRAMITACIÓN

1. O Concello Pleno determinará para cada exercicio, os supostos obxectivos e requisitos subxectivos que deben reunir os beneficiarios de bonificacións ou exencións de taxas. Noutro caso entenderanse vixentes os do exercicio anterior.

2. A aplicación de exencións, bonificacións e reducións que procedan, efectuarase a petición de parte coa xustificación documental que proceda.

ARTIGO 13.- OBRIGAS TRIBUTARIAS ACCESORIAS

1. Teñen a natureza de obrigas tributarias accesorias as obrigas de satisfacer o xuro de mora, as recargas por declaración extemporánea e as recargas do período executivo.

Por lei poderán impoñerse outras obrigas tributarias accesorias.

ARTIGO 14.- XUROS DE MORA

1. O xuro de mora é unha prestación accesoria que se esixirá aos obrigados tributarios e aos suxeitos infractores como consecuencia da realización dun pagamento fóra de prazo ou da presentación dunha autoliquidación ou declaración da que resulte unha cantidade a ingresar, unha vez finalizado o prazo establecido pola ordenanza. Esixirase xuro de mora como consecuencia do cobro dunha devolución improcedente así como noutros casos previstos na normativa tributaria.

A esixencia do xuro de mora tributario non require a previa advertencia da administración nin un retraso culpable no obrigado.

2. O xuro de mora calcularase sobre o importe non ingresado en prazo ou sobre a contía da devolución cobrada improcedentemente e resultará esixible durante o tempo a que se estenda o atraso do obrigado.

3. O xuro de mora será o xuro legal do diñeiro vixente ao longo do período en que aquel resulte esixible, incrementado nun 25% agás que a Lei de orzamentos xerais do Estado estableza outro diferente.

4. Non se esixirán xuros de mora ou serán esixidos por prazo distinto do establecido no parágrafo 2 deste artigo, nos supostos regulados nos apartados 4 e 5 do artigo 26 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.

ARTIGO 15.- RECARGAS POR DECLARACIÓN EXTEMPORÁNEA SEN REQUIRIMENTO PREVIO

1. As recargas por declaración extemporánea son prestacións accesorias que deben satisfacer os obrigados tributarios como consecuencia da presentación de autoliquidacións ou declaracións fóra de prazo sen requirimento previo da Administración.

2. Se a presentación da autoliquidación ou declaración se efectúa dentro dos 3, 6 ou 12 meses seguintes ao fin do prazo establecido para a presentación e o ingreso, a recarga será do 5,10 ou 15% respectivamente. A dita recarga calcularase sobre o importe da liquidación derivado da declaración extemporánea e excluírá as sancións e os xuros de mora acumulados ata a presentación da autoliquidación ou declaración.

Se a presentación da autoliquidación ou declaración se efectúa unha vez transcorridos 12 meses desde o termo do prazo establecido para a presentación, a recarga será do 20% e excluírá as posibles sancións. Neste caso, esixiranse os xuros de mora polo tempo transcorrido desde o día

seguinte ao remate dos 12 meses posteriores á finalización do prazo establecido para a presentación ata o momento da autoliquidación ou declaración.

ARTIGO 16.- RECARGAS DO PERÍODO EXECUTIVO

1. As recargas do período executivo acumúlanse co inicio do dito período. Son de tres tipos:

Recarga executiva, recarga de constrinximento reducida e recarga de constrinximento ordinaria. A súa regulación consta no artigo 35 da presente ordenanza.

ARTIGO 17.- OBRIGAS TRIBUTARIAS FORMAIS

1. Son obrigas tributarias formais aquelas que, sen ter carácter pecuniario son impostas pola ordenanza aos obrigados tributarios. O seu cumprimento está relacionado co desenvolvemento de actuacións ou cos procedementos tributarios.

2. Entre outras que poidan ser establecidas legalmente, os obrigados tributarios deberán cumprir as seguintes obrigas:

a) Solicitar e utilizar o número de identificación fiscal nas relacións de natureza ou transcendencia tributaria.

b) A obriga de presentar declaracións, autoliquidacións e comunicacións.

c) A obriga de achegar á Administración tributaria libros, rexistros, documentos, informes, antecedentes con transcendencia tributaria.

d) A obriga de facilitar inspeccións e comprobacións administrativas.

ARTIGO 18.- OBRIGAS E DEBERES DA ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA

1. A Administración tributaria está suxeita ás seguintes obrigas de contido económico: realizar as devolucións derivadas da ordenanza de cada tributo, devolución de ingresos indebidos, o reembolso do custo das garantías e satisfacer xuros de mora.

CAPÍTULO II OBRIGADOS TRIBUTARIOS

ARTIGO 19.- OBRIGADOS TRIBUTARIOS: CONCEPTO, CLASES E DEREITOS

1. Son obrigados tributarios as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que as Ordenanzas fiscais impoñen o cumprimento de obrigas tributarias.

2. Entre outros son obrigados tributarios:

a) os contribuíntes

b) os substitutos dos contribuíntes

c) os obrigados a realizar pagamentos fraccionados

d) os sucesores.

3. Tamén terán o carácter de obrigados tributarios aqueles a que as ordenanzas fiscais impoñen o cumprimento de obrigas formais.

4. Terán a consideración de obrigados tributarios, as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constituían unha unidade económica ou un patrimonio susceptible de imposición.

5. Constitúen os dereitos dos obrigados tributarios, ente outros, os sinalados no artigo 34 da Lei 58/2003.

ARTIGO 20.- SUXEITOS PASIVOS: CONTRIBUÍNTE E SUBSTITUTO DO CONTRIBUÍNTE



1. É suxeito pasivo o obrigado tributario que, segundo a lei ou ordenanza, debe cumprir a obriga tributaria principal, así como as obrigas formais inherentes a aquela, sexa como contribuínte ou como substituto deste.
2. É contribuínte o suxeito pasivo que realiza o feito imponible.
3. É substituto ao suxeito pasivo, que, por imposición da lei ou ordenanza e en lugar do contribuínte, está obrigado a cumprir a obriga tributaria principal, así como as obrigas formais inherentes a aquela. O substituto poderá esixir do contribuínte o importe das obrigas tributarias satisfeitas, salvo que a lei sinala outra cousa.

ARTIGO 21.- OBRIGADOS A REALIZAR PAGAMENTOS FRACCIONADOS

1. É obrigado a realizar pagamentos fraccionados ao contribuínte a quen a lei ou ordenanza de cada tributo impón a obriga de ingresar cantidades a conta da obriga tributaria principal con anterioridade a que esta resulte esixible.

ARTIGO 22.- SUCESTORES DE PERSOAS FÍSICAS

1. Á morte dos obrigados tributarios, as obrigas tributarias pendentes transmitíranse aos herdeiros, sen prexuízo do que establece a lexislación civil en canto a adquisición da herdanza. As referidas obrigas tributarias transmitíranse aos legatarios nas mesmas condicións que as establecidas para os herdeiros cando a herdanza se distribúa a través de legados e nos supostos nos que se institúan legados de parte alícuota.

En ningún caso se transmitirán as sancións. Tampouco se transmitirá a obriga do responsable salvo que se tivese notificado o acordo de derivación de responsabilidade antes do falecemento.

2. Non impedirá a transmisión aos sucesores das obrigas tributarias acumuladas o feito de que na data da morte do causante a débeda tributaria non estivese liquidada, en cuxo caso as actuacións entenderanse con calquera deles, debéndose notificar a liquidación que resulte de ditas actuacións a todos os interesados que consten no expediente.

3. Mentres a herdanza se atopa xacente, o cumprimento das obrigas tributarias do causante corresponderá ao representante da herdanza xacente.

As actuacións administrativas que teñan por obxecto a cuantificación, determinación e liquidación das obrigas tributarias do causante deberán realizarse ou continuarse co representante da herdanza xacente. Se ao termo do procedemento non se coñecesen os herdeiros, as liquidacións realizaranse a nome da herdanza xacente.

As obrigas tributarias a que se refire o parágrafo anterior e as que fosen transmisibles por causa de morte poderán satisfacerse con cargo os bens da herdanza xacente.

ARTIGO 23.- SUCESTORES DE PERSOAS XURÍDICAS E DE ENTIDADES SEN PERSONALIDADE

1. As obrigas tributarias pendentes das sociedades e entidades con personalidade xurídica disoltas e liquidadas nas que a lei limita a responsabilidade patrimonial dos socios, dos partícipes ou dos cotitulares transmitíranse a estes, que quedarán obrigados solidariamente ata o límite do valor da cota de liquidación que lles corresponda.

As obrigas tributarias pendentes das sociedades e das entidades con personalidade xurídica disoltas e liquidadas nas que a Lei non limita a responsabilidade patrimonial dos socios, dos partícipes ou dos cotitulares transmitíranse integramente a estes, que quedarán obrigados solidariamente ao seu cumprimento.

2. O feito de que a débeda tributaria non estivese liquidada no momento de producirse a extinción da personalidade xurídica da sociedade ou da entidade non impedirá a transmisión das obrigas tributarias percibidas aos sucesores, podéndose entender as actuacións con calquera deles.

3. Nos supostos de extinción ou disolución sen liquidación de sociedades mercantís, as obrigas tributarias pendentes destas transmitíranse as persoas ou entidades que sucedan ou que sexan



beneficiarias da correspondente operación. Esta norma tamén será aplicable a calquera suposto de cesión global do activo e pasivo dunha sociedade mercantil.

4. No caso de disolución de fundacións ou entidades as que se refire o apartado 4 do artigo 19 desta ordenanza, as obrigas tributarias pendentes destas transmitiranse aos destinatarios dos bens e dos dereitos das fundacións ou aos partícipes ou aos cotitulares das ditas entidades.

5. As sancións que puidesen proceder polas infraccións cometidas polas sociedades e polas entidades ás que se refire este artigo serán esixibles aos sucesores destas, nos termos establecidos nos apartados anteriores, ata o límite do valor da cota da liquidación que lles corresponda.

ARTIGO 24.- RESPONSABLES

1. De acordo coa lei, as ordenanzas respectivas poden declarar responsables solidarios ou subsidiarios da débeda tributaria xunto cos debedores principais, a outras persoas ou entidades. Para estes efectos, consideraranse debedores principais os obrigados tributarios do apartado 2 do artigo 35 da Lei 58/2003.

2. Agás precepto expreso en contrario, a responsabilidade será sempre subsidiaria.

3. A responsabilidade alcanzará a totalidade da débeda tributaria esixida en período voluntario. Cando tivera transcorrido o prazo voluntario de pagamento que se conceda ao responsable sen realizar o ingreso, iniciárase o período executivo e esixiranse as recargas e os xuros que procedan.

4. A responsabilidade non alcanzará as sancións agás as excepcións que na lei se establezan.

5. Agás a norma con rango de lei que dispoña outra cousa, a derivación da acción administrativa para esixirlles o pagamento da débeda tributaria aos responsables requirirá un acto administrativo no que, previa audiencia do interesado, se declare a responsabilidade e se determine o seu alcance e a extensión, conforme co previsto nos artigos 174 a 176 da Lei 58/2003.

Este acto seralles notificado con expresión dos elementos esenciais da liquidación, e conferiráselles desde ese instante todos os dereitos e obrigas do debedor principal.

A derivación da acción administrativa aos responsables subsidiarios requirirá a previa declaración de errado do debedor principal e dos responsables solidarios.

6. Cando sexan dous ou máis os responsables solidarios ou subsidiarios dunha mesma débeda, esta poderá esixírselle integramente a calquera deles.

7. Serán responsables solidarios ou subsidiarios, ademais dos que establecen outras normas con rango de lei, os declarados expresamente nos artigos 42 e 43 da Lei 58/2003 xeral tributaria.

ARTIGO 25.- CAPACIDADE DE OBRAR E REPRESENTACIÓN LEGAL

1. As persoas que carezan da capacidade de obrar no ámbito tributario nos termos regulados no artigo 44 da Lei 58/2003 xeral tributaria, terán a representación legal establecida no artigo 45 da mesma lei.

ARTIGO 26.- REPRESENTACIÓN VOLUNTARIA

1. Os obrigados tributarios con capacidade de obrar poderán actuar por medio de representante, que poderá ser un asesor fiscal con quen se entenderán as sucesivas actuacións administrativas, agás que se fagan manifestación expresa en contrario.

2. Para interpoñer recursos ou reclamacións, desistir deles, renunciar a dereitos, asumir ou recoñecer obrigas en nome do obrigado tributario, solicitar devolucións de ingresos e outros supostos en que sexa necesario a sinatura do obrigado tributario, a representación deberá acreditarse por calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna ou mediante declaración en comparecencia persoal do interesado diante da Administración tributaria do Concello.

ARTIGO 27.- DOMICILIO FISCAL



1. O domicilio fiscal é o lugar de localización do obrigado tributario nas súas relacións coa Administración tributaria.
2. O domicilio fiscal será, para as persoas físicas, o lugar onde teñan a súa residencia habitual e deberá coincidir co enderezo de empadramento, salvo que se sinale expresamente un enderezo para notificacións.
3. O domicilio fiscal será, para as persoas xurídicas, o seu domicilio social no municipio de Oleiros, sempre que nel estea efectivamente centralizada a súa xestión administrativa e a dirección dos seus negocios. Noutro caso atenderase ao lugar en que efectivamente se realice a dita xestión ou o enderezo. Estas mesmas regras son de aplicación para as entidades a que se refire o apartado 4 do artigo 19 desta ordenanza.
4. Os obrigados tributarios deberán comunicar o seu domicilio fiscal e o cambio deste á Administración tributaria do Concello, mediante a declaración expresa para tal efecto, sen que o cambio de enderezo produza efectos fronte a Administración tributaria do Concello ata tanto se presente a citada declaración.
A Administración tributaria do Concello poderá comprobar e rectificar o domicilio fiscal declarado polos obrigados tributarios en relación cos tributos cuxa xestión lle competa.
5. O incumprimento da obriga de comunicar o domicilio fiscal ou cambio do mesmo constituirá infracción tributaria.

ARTIGO 28.- RESIDENCIA NO ESTRANXEIRO

1. Os suxeitos pasivos que residan no estranxeiro durante máis de seis meses de cada ano natural, están obrigados a designar un representante con domicilio en territorio español para os efectos das súas relacións coa Administración tributaria do Concello.
2. As persoas xurídicas residentes no estranxeiro que desenvolvan actividades no termo municipal de Oleiros, terán o seu domicilio fiscal no lugar no que radique a efectiva xestión administrativa e a dirección dos seus negocios.
Noutro caso para a determinación do seu domicilio estarase de acordo co establecido no artigo 48.2.d) da Lei 58/2003.

CAPÍTULO III ELEMENTOS DE CUANTIFICACIÓN DA OBRIGA TRIBUTARIA PRINCIPAL E DA OBRIGA DE REALIZAR PAGAMENTOS A CONTA

ARTIGO 29.- BASE IMPOÑIBLE: MÉTODOS DE DETERMINACIÓN

1. A base imponible é a magnitude en diñeiro ou doutra natureza que resulta da medición ou da valoración do feito imponible.
2. A ordenanza de cada tributo establecerá o método para determinar a base imponible dentro dos seguintes:
 - a) estimación directa
 - b) estimación obxectiva
 - c) estimación indirecta.
3. Con carácter xeral, as bases impositivas determinaranse polo método de estimación directa.
Por lei estableceranse os supostos en que, con carácter voluntario poida aplicarse unha estimación obxectiva. O método de estimación indirecta aplicarase cando a Administración tributaria non poida dispoñer dos datos necesarios para a determinación da base imponible.

ARTIGO 30.- BASE LIQUIDABLE

1. A base liquidable é a magnitude resultante de practicar, no seu caso, na base imponible, as reducións establecidas na lei ou na ordenanza fiscal de cada tributo.

ARTIGO 31.- TIPO DE GRAVAME

1. O tipo de gravame é a cifra, coeficiente ou porcentaxe que se aplica á base liquidable para obter a cota íntegra. O tipo de gravame poderá ser específico ou porcentual e deberá aplicarse segundo dispoña a correspondente ordenanza fiscal a cada unidade, conxunto de unidades ou tramo da base liquidable.

ARTIGO 32.- COTA TRIBUTARIA: COTA INTEGRAL, LIQUIDA E DIFERENCIAL

1. A cota íntegra é a resultante de aplicar á base liquidable ao tipo de gravame ou ben unha cantidade fixa establecida na ordenanza fiscal, ou da cantidade resultante de aplicar unha tarifa.
2. A cota líquida é o resultado de aplicar sobre a cota íntegra as deducións, bonificacións e coeficientes correctores que se establezan na ordenanza fiscal.
3. A cota diferencial é o resultado de minorar a cota líquida no importe dos ingresos a conta realizados se estes fosen establecidos na ordenanza fiscal.

CAPÍTULO IV A DÉBEDA TRIBUTARIA

ARTIGO 33.- DÉBEDA TRIBUTARIA

1. A débeda tributaria estará constituída pola cota ou cantidade a ingresar que resulte da obriga tributaria principal ou das obrigas de realizar pagamentos á conta.
2. Ademais, a débeda tributaria estará integrada, no seu caso, por:
 - a) xuros de mora
 - b) recarga por declaración extemporánea
 - c) recargas de período executivo
 - d) outras recargas esixibles legalmente.
3. A Administración tributaria do Concello non practicará liquidacións por importe inferior a 6,00 €.

ARTIGO 34.- EXTINCIÓN DA DÉBEDA TRIBUTARIA.

1. As débedas tributarias poderán extinguirse por:
 - a) pagamento
 - b) prescrición
 - c) compensación
 - d) condonación e
 - e) insolvencia.

ARTIGO 35.- PAGAMENTO

1. A débeda tributaria satisfarase co pagamento en efectivo ou mediante o emprego de efectos timbrados segundo dispoña cada ordenanza fiscal.
2. O pagamento deberá facerse dentro dos prazos que se sinalan no artigo 37 desta ordenanza.
3. O vencemento do prazo establecido para o pagamento sen que este se efectuarse determinará os seguintes recargas incompatibles entre si e calculadas sobre a totalidade da débeda non ingresada en período voluntario:
 - a) A recarga executiva que será do 5% e aplicarase cando se satisfaga a totalidade da débeda non ingresada en período voluntario antes da notificación da providencia de constrinximento.



- b) A recarga de constrinximento reducido que será do 10% e aplicaráse cando se satisfaga a totalidade da débeda non ingresada en período voluntario e a propia recarga antes de finalizar o prazo indicado na notificación da providencia de constrinximento.
- c) A recarga de constrinximento ordinario que será do 20% aplicable cando non se dean os supostos a) e b) anteriores.
- 4. A recarga de constrinximento ordinario é compatible cos xuros de mora. Cando proceda a recarga executivo ou de constrinximento reducido non se esixirán os xuros de mora acumulados no período executivo.
- 5. Os ingresos correspondentes a declaracións, liquidacións ou autoliquidacións que se presentasen fóra de prazo sen requirimento previo terán as recargas e os xuros regulados nos artigos 14 e 15 desta ordenanza.

ARTIGO 36.- FORMAS DE PAGAMENTO

- 1. As reguladas no artigo 38 desta ordenanza fiscal, poderanse engadir ou eliminar algún, segundo o decreto do alcalde ou do/da tenente de alcalde en quen delegue e logo do informe motivado da tesoureira ou do xefe de recadación.
- 2. Enténdese pagada en efectivo unha débeda tributaria cando se fixese o ingreso do seu importe na Tesourería, na Oficina de Recadación ou nas entidades colaboradoras autorizadas, competentes para a súa admisión.
- 3. Enténdese pagada unha débeda mediante os efectos timbrados cando estes se utilicen na forma que determine a respectiva ordenanza fiscal e, no non previsto, estarase ao que dispoñen as normas do imposto sobre actos xurídicos documentados.

ARTIGO 37.- PRAZOS DE PAGAMENTO E CALENDARIO FISCAL

- 1. As débedas tributarias resultantes dunha autoliquidación deberán pagarse nos prazos que establece a ordenanza fiscal correspondente.
- 2. No caso de liquidacións practicadas pola Administración o pagamento en período voluntario deberá facerse nos seguintes prazos:
 - a) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 do mes, ata o día 20 do mes posterior e se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.
 - b) Se a notificación se realiza entre os días 16 e o último do mes, ata o día 5 do segundo mes posterior e se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.
- 3. O pagamento en período voluntario de débedas relativas a padróns fiscais periódicos e polo tanto de notificación colectiva e periódica, no prazo establecido nos correspondentes anuncios de cobranza. O prazo non será inferior a dous meses. Considerarase inhábil o sábado para todos os efectos.
O calendario do contribuínte (**calendario fiscal anual**), de tributos de cobro periódico, será o que se sinala a continuación sendo obxecto de resolución do Alcalde ou Tenente de Alcalde en quen delegue a súa aprobación e fixación das datas concretas de comezo e final de cobranza, en período voluntario, para cada un dos padróns periódicos, e que con carácter xeral serán os seguintes:

Do **1 de marzo ao 30 de abril**, o cobro dos Padróns do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica (IVTM), Taxa por conservación dos cemiterios municipais (nichos), Taxa por entrada de vehículos a través de beirarrúas e reserva de espazo (vaos), Taxa por ocupación de Terreos Públicos con mesas e cadeiras (terrazas) e Taxa polo aproveitamento especial do dominio público local mediante caixeiros automáticos de entidades financeiras e máquinas

expendedoras de produtos, instalados na fachada de establecementos e manipulables desde a vía pública.

Do **15 de setembro ao 20 de novembro**, o cobro dos Padróns do Imposto sobre bens inmobles de natureza urbana e rústica (IBIU e IBIR) e Imposto sobre Actividades Económicas (IAE).

Do 1 de abril ao 31 de maio, o cobro dos Padróns de Taxa polo abastecemento domiciliario de auga potable e Taxa de sumidoiro, correspondentes ao 1º trimestre do exercicio (meses de xaneiro, febreiro e marzo), respecto aos inmobles pertencentes á Zona A.

Do 1 de maio ao 30 de xuño, o cobro dos Padróns de Taxa polo abastecemento domiciliario de auga potable e Taxa de sumidoiro, correspondentes ao 1º trimestre do exercicio (meses de xaneiro, febreiro e marzo), respecto aos inmobles pertencentes á Zona B.

Do 1 de xullo ao 31 de agosto, o cobro dos Padróns de Taxa polo abastecemento domiciliario de auga potable e Taxa de sumidoiro, correspondentes ao 2º trimestre do exercicio (meses de abril, maio e xuño), respecto aos inmobles pertencentes á Zona A.

Do 1 de agosto ao 30 de setembro, o cobro dos Padróns de Taxa polo abastecemento domiciliario de auga potable e Taxa de sumidoiro, correspondentes ao 2º trimestre do exercicio (meses de abril, maio e xuño), respecto aos inmobles pertencentes á Zona B.

Do 1 de outubro ao 30 de novembro, o cobro dos Padróns de Taxa polo abastecemento domiciliario de auga potable e Taxa de sumidoiro, correspondentes ao 3º trimestre do exercicio (meses de xullo, agosto e setembro), respecto aos inmobles pertencentes á Zona A.

Do 1 de novembro ao 31 de decembro, o cobro dos Padróns de Taxa polo abastecemento domiciliario de auga potable e Taxa de sumidoiro, correspondentes ao 3º trimestre do exercicio (meses de xullo, agosto e setembro), respecto aos inmobles pertencentes á Zona B.

Do 1 de xaneiro ao 28/29 de febreiro, o cobro dos Padróns de Taxa polo abastecemento domiciliario de auga potable e Taxa de sumidoiro, correspondentes ao 4º trimestre do exercicio (meses de outubro, novembro e decembro), respecto aos inmobles pertencentes á Zona A.

Do 1 de febreiro ao 31 de marzo, o cobro dos Padróns de Taxa polo abastecemento domiciliario de auga potable e Taxa de sumidoiro, correspondentes ao 4º trimestre do exercicio (meses de outubro, novembro e decembro), respecto aos inmobles pertencentes á Zona B.

Considéranse Zona A, os inmobles pertencentes ás parroquias de Iñás, Nos, Dorneda e Liáns (excepto a Urbanización Os Regos) e a Zona B, os pertencentes ás parroquias de Oleiros, Perillo, Maianca, Serantes, Dexo e a Urbanización Os Regos.

As variacións ou prórrogas nos períodos de pagamento sinalados serán aprobados por resolución do alcalde ou tenente de alcalde en que delegue, sempre que concorran circunstancias excepcionais debidamente xustificadas.

4. As débedas que deban satisfacerse mediante os efectos timbrados, no momento da realización do feito impositivo.

5. As débedas resultantes de concertos ingresaranse nos prazos determinados nestes.

6. As débedas non tributarias, nos prazos que determinen as súas normas ou os seus acordos segundo os que son esixibles e no seu defecto, nos prazos establecidos nos parágrafos 1, 2 e 3 deste artigo segundo corresponda.

ARTIGO 38.- MEDIOS DE PAGAMENTO EN EFECTIVO

1. O pagamento das débedas tributarias que deban realizarse en efectivo farase por algún dos seguintes medios:

- a) Diñeiro de curso legal.
- b) Cheques expedidos por entidades de crédito contra as súas propias contas.
- c) Cheques de contas correntes bancarias ou de caixas de aforros.
- d) Transferencia bancaria ou de caixa de aforros, segundo as condicións que determinen o Departamento de Recadación.
- e) Xiro postal.
- f) Tarxetas de crédito e débito.
- g) Calquera outro medio que sexa autorizado polo Concello.

2. Todas as débedas que deban satisfacerse en efectivo poderán pagarse con diñeiro de curso legal, calquera que sexa o órgano ou entidade que haxa de percibir o pagamento, o período de recadación en que se efectúe e a contía da débeda.

3. Os contribuíntes poderán utilizar cheques bancarios ou de caixas de aforros para efectuar os seus ingresos en efectivo na caixa do Concello. O importe do cheque poderá contraerse a un débito ou comprender varios ingresos que se efectúen de forma simultánea. A súa entrega só liberará á persoa debedora cando fosen efectivamente realizados.

4. Os cheques de conta corrente bancaria ou de caixa de aforros que con tal fin se expidan deberán reunir, ademais dos requisitos xerais esixidos pola lexislación mercantil, o seguinte:

- a) Ser nominativos a favor do Concello de Oleiros, por un importe igual á débeda ou débedas que se satisfagan con eles.
- b) Estar librados contra banco ou caixa de aforros.
- c) Certificados ou conformados pola entidade librada.
- d) Figurará o nome da persoa que asina debaixo da sinatura con toda claridade.

Cando se estenda por apoderado, figurará na antesinatura o nome completo do titular da conta corrente.

Os ingresos efectuados por medio de cheque, atendidos pola entidade librada, entenderanse realizados no día en que aqueles tivesen entrada na caixa do Concello.

5. Cando así se indique na notificación, os pagamentos en efectivo que deban realizarse na Caixa Municipal, poderán efectuarse mediante transferencia bancaria. O mandato da transferencia terá un importe igual ao da débeda; haberá de expresar o concepto tributario concreto ao que o ingreso corresponda, e conter o pertinente detalle cando o ingreso se refira a varios conceptos, número de expediente no caso de embargos.



Simultaneamente ao mandato de transferencia, os contribuíntes cursaránlle á Oficina de Recadación as declaracións a que este corresponda e as cédulas de notificación con indicación da data da transferencia, do seu importe e do banco ou da caixa de aforros utilizado na operación ou a copia do documento da transferencia bancaria. Os ingresos efectuados mediante transferencia entenderanse realizados na data en que teñan entrada nas contas municipais.

6. Cando así se indique na notificación, os pagamentos en efectivo das débedas tributarias que deban realizarse nas contas municipais poderán efectuarse mediante xiro postal. Os suxeitos pasivos consignarán, sucintamente, no "talón para o destinatario" que integra o impreso de imposición, os datos referentes ao remitente e ao domicilio, suxeito pasivo, tributo ou exacción de que se trate, número de recibo ou liquidación, obxecto tributario, número de expediente etc. Sen prexuízo do anterior, ao tempo de impoñer o xiro, cursarán exemplar da declaración ou da notificación, segundo os casos, ao Concello de Oleiros, coa indicación neste da oficina de correos ou estafeta na que se impuxera o xiro, data de imposición e número daquela. Os ingresos por este medio entenderanse para todos os efectos realizados no día en que o xiro fose imposto.

7. Os ingresos realizaranse de luns a venres, excepto os días non laborables. Os vencementos que coincidan cun sábado quedan trasladados ao primeiro día hábil seguinte.

ARTIGO 39.- DOMICILIACIÓNS

1. O pagamento dos tributos periódicos que son obxecto de notificación colectiva, poderán realizarse mediante a domiciliación en establecementos bancarios ou caixas de aforros, tras a solicitude á Administración municipal.

2. As domiciliacións de pagamento terán validez por tempo indefinido, en tanto non sexan anuladas polo interesado, rexeitadas pola entidade de depósito na que haxa de presentarse os instrumentos de cobros, ou cando a Administración dispoña expresamente á súa invalidez por razóns xustificadas.

O non pagamento reiterado dos recibos domiciliados orixinará a baixa da domiciliación por parte da Administración municipal.

3. O prazo de presentación das domiciliacións bancarias, así como as solicitudes de cambios de ordes de domiciliación, deberán realizarse cunha antelación de un mes antes do comezo do período voluntario de cobranza. Noutro caso, producirá efectos, a partir do período de pagamento voluntario seguinte.

4. Nos supostos de recibos domiciliados, remitirase ao domicilio do obrigado tributario un aviso de próximo cobro, co fin de informarlle o importe do recibo e a data de cargo na súa conta, co fin de que faga a provisión de fondos correspondente e evitar, no posible, a súa devolución. Os datos da débeda incorporaranse no soporte magnético que orixine o correspondente cargo bancario; debendo a entidade financeira expedir e remitir o comprobante do cargo en conta.

5. As ordes de domiciliación, non necesitan mais requisito que os contribuíntes cubran a orde de domiciliación que será entregada na Oficina de Recadación do Concello de Oleiros, polo procedemento que se estableza, deberán ser asinadas polo titular da conta e vir seladas pola entidade bancaria onde se desexa domiciliar os recibos. Tamén poderá realizarse a través das entidades colaboradoras da recadación no intre de pagamento da débeda en período voluntario, mediante o cargo na súa conta.

6. Ordenarase o cargo na conta dos obrigados ao pagamento o primeiro día hábil do último mes do vencemento do período voluntario, ou cunha antelación mínima de 30 días antes da finalización do período voluntario de cobranza, con fin de posibilitar as devolucións por parte dos obrigados e o seu pagamento na caixa municipal.

ARTIGO 40.- XUSTIFICANTE DE PAGAMENTO



1. Quen pague unha débeda terá dereito a que se lle entregue un xustificante do pagamento realizado. Os xustificantes de pagamento en efectivo serán:
 - a) Os recibos.
 - b) As cartas de pagamento.
 - c) Os xustificantes debidamente dilixenciados polos bancos e polas caixas de aforro autorizados.
 - d) Os efectos timbrados.
 - e) Calquera outro documento ao que lle outorgue expresamente o Concello o carácter de xustificante de pagamento.
 - f) As certificacións acreditativas do ingreso efectuado.
2. O pagamento das débedas tributarias acreditarase mediante a exhibición dalgún dos documentos enumerados anteriormente.
3. Os xustificantes de pagamento en efectivo deberán indicar, polo menos, as seguintes circunstancias:
 - Nome e apelidos, razón social ou denominación e NIF, se consta, da persoa debedora.
 - Domicilio
 - Concepto e período a que se refire.
 - Importe da débeda.
 - Data de cobro.
 - Órgano, persoa ou entidade que o expide.
4. Cando os xustificantes de pagamento se estendesen por medios mecánicos, as circunstancias anteriormente mencionadas poderán expresarse en clave ou abreviatura suficientemente identificadoras no seu conxunto do debedor e da débeda satisfeita a que se refiran.

ARTIGO 41.- APRAZAMENTOS E FRACCIONAMENTOS. NORMAS XERAIS

1. O pagamento das débedas tributarias e demais de dereito público poderá aprazarse ou fraccionarse só nos casos e na forma que se determina na presente ordenanza.
2. Os aprazamentos e fraccionamentos concederaos discrecionalmente, a Administración municipal, tras a petición dos obrigados ao pagamento, de conformidade coas regras dos artigos seguintes.
3. A tesoureira disporá o necesario para que as solicitudes se formulen en documento específico, no que se indiquen os criterios de concesión e denegación de aprazamentos e fraccionamentos, así como a necesidade de fundamentar as dificultades económico-financieiras, achegando os documentos oportunos.
4. As solicitudes presentaranse dentro dos seguintes prazos:
 - Débedas en período voluntario: antes da finalización do período voluntario fixada para o seu pagamento. Para as declaracións-liquidacións e autoliquidacións, ata o termo de presentación destas.
 - Débedas en período executivo: en calquera momento anterior ao acordo de alleamento de bens embargados.
5. As débedas aprazadas ou fraccionadas deberán garantirse mediante aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución coas salvidades reguladas no artigo 82 da Lei 58/2003 xeral tributaria.
6. As cantidades aprazadas que estivesen garantidas cos medios citados no apartado anterior, acumularán xuros de mora na contía do xuro legal.
7. A presentación dunha solicitude de aprazamento ou fraccionamento en período voluntario impedirá o inicio do período executivo, pero non a percepción do xuro de mora.

8. O alcalde ou o/a tenente de alcalde en quen delegue, terán a competencia para conceder ou denegar os aprazamentos ou fraccionamentos, tanto en período voluntario como executivo.

ARTIGO 42.- DÉBEDAS TRIBUTARIAS APRAZABLES. CRITERIOS E DOCUMENTACIÓN

1. Poderá aprazarse o pagamento da débeda, tanto en período voluntario como executivo, tras a petición dos obrigados cando a súa situación económica-financeira, discrecionalmente apreciada pola Administración municipal, lles impida, transitoriamente, efectuar o pagamento dos seus débitos.

2. O fraccionamento de pagamento, como modalidade de aprazamento, será rexido polas normas aplicables a este no que non estea regulado especialmente.

3. O importe mínimo de principal dunha débeda a partir da que se concederá fraccionamento ou aprazamento fíxase en 150,25 €. Por debaixo desta cantidade non se resolverá favorablemente a concesión de aprazamentos ou fraccionamentos. Excepcionalmente, a petición do interesado, e cando quede xustificado que a súa situación económica, non lle posibilita facer fronte ao pagamento das débedas, poderase conceder fraccionamento ou aprazamento para importes inferiores a 150,25 €.

4. Os criterios para fixar o prazo máximo para aboar a débeda fraccionada oscilará en función do importe principal da débeda a fraccionar. En base a este criterio establécense uns prazos máximos dentro dos que deberá aboarse a totalidade da débeda e que corresponden á seguinte escala:

Débeda	N.º de prazos mensuais
a partir de 150,25 € ata 600,00 €	ata 6 meses
de 600,01 € ata 1.500,00 €	ata 9 meses
de 1.500,01 € ata 3.000,00 €	ata 12 meses
de 3.000,01 € en diante	ata 18 meses

5. Na concesión de fraccionamentos, poderá esixirse a domiciliación do pagamento das sucesivas fraccións

6. De seren **tributos de cobro periódico** o período máximo de fraccionamento **ou aprazamentos** non excederá de **doce meses**.

7. Documentación que se ten que achegar: A acreditación da situación económico-financeira probarase achegando a seguintes documentación:

a) Persoas físicas

Copia da autoliquidación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF). Caso de non poder achegar a dita copia, por non estar obrigado á súa presentación, a acreditación da percepción de ingresos realizarase: Mediante os certificados de retencións expedidos polos pagadores dos distintos rendementos obtidos:
certificado do INEM
certificado da pensión
copia das 2 últimas nóminas recibidas
Certificado de conta bancaria para a domiciliación.

b) Persoas xurídicas

Balance da situación e da conta de perdas e ganancias do último exercicio pechado.

Copia, debidamente compulsada, do Imposto sobre sociedades correspondente ao último exercicio económico pechado.

Certificado da conta bancaria para a domiciliación.

8.- O importe das fraccións correspondentes a unha débeda fraccionada non poderán ser inferiores a 50 €, salvo no caso de débedas correspondentes a suxeitos pasivos que se atopen nunha situación económica precaria, circunstancia que será valorada polos Servizos Sociais do Concello e que será reflectida nun informe.

ARTIGO 43.- GARANTÍAS PARA APRAZAMENTO OU FRACCIONAMENTO

1. Como regra xeral, o solicitante deberá ofrecer garantía en forma de aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución. En todo caso achegárase coa solicitude o correspondente compromiso expreso e irrevogable da entidade de formalizar o aval necesario no caso de se conceder o aprazamento ou fraccionamento solicitado.

2. Cando se xustifique que non é posible obter o aval, ou o certificado, ou que con isto se compromete seriamente a viabilidade da actividade económica, o órgano competente poderá admitir algunha das seguintes garantías:

- a) Hipoteca inmobiliaria.
- b) Hipoteca mobiliaria.
- c) Prenda con ou sen desprazamento.
- d) Fianza persoal e solidaria de un veciño do municipio.
- e) Calquera outro que estime pertinente.

Se a xustificación do solicitante para a achega de garantía distinta do aval non se estima suficiente, o órgano encargado da súa tramitación poñerá no seu coñecemento, concedéndolle un prazo de dez días para o cumprimento do disposto no apartado anterior, coa advertencia de que, se non o fixer, desestimarase a súa solicitude.

3. Non se esixirá garantía cando o solicitante sexa unha Administración pública. Para tal efecto entenderanse incluídas nese concepto as entidades públicas empresariais e excluídas as sociedades públicas de capital público maioritario.

4. Tamén se dispensará de garantía cando o importe do principal da débeda sexa inferior a 6.000,00 €.

5. A garantía deberá achegarse no prazo de tinta días seguintes ao da notificación do acordo de concesión. Este prazo poderá ampliarse por outro de tinta días cando o solicitante xustifique a existencia de motivos que impidan a súa formalización no primeiro dos prazos.

6.- Transcorridos ambos os prazos sen formalizar a garantía, quedará sen efecto o acordo de concesión. En tal caso, esixírase inmediatamente pola vía de prema a débeda cos seus xuros e a recarga de constrinximento, sempre que haxa concluído o período voluntario de ingreso. Se o aprazamento ou fraccionamento se solicitase no período executivo, continuarase o procedemento de constrinximento.

7. A garantía cubrirá o importe do principal e dos xuros de mora que xere o aprazamento ou fraccionamento, máis un 25 por 100 da suma de ambas as partidas.

8. A garantía constituída mediante aval deberá ser de duración indefinida, permanecendo vixente ata que o Concello de Oleiros resolva expresamente declarar a extinción da obriga garantida e a cancelación do aval.

9. O órgano competente poderá dispensar total ou parcialmente das garantías esixibles, nos termos que estableza a norma regulamentaria de aplicación, cando a persoa debedora careza de medios suficientes para garantir a débeda e a execución do seu patrimonio puidese afectar ao mantemento da capacidade productiva e do nivel de emprego da actividade económica respectiva ou ben puidese producir graves quebrantos para os xuros da Facenda municipal. Se se solicita dispensa total ou parcial de garantía, deberá acompañar coa solicitude a declaración



responsable na que se manifeste carecer de bens ou no posuír outros que os ofrecidos en garantía.

10. Adopción de medidas cautelares en substitución de garantías. Cando o custo de formalización sexa excesivamente oneroso en relación coa contía e prazo da débeda, o obrigado ao pagamento poderá solicitar que a Administración adopte medidas cautelares como garantía da débeda, en substitución das garantías referidas anteriormente e de acordo co establecido no artigo 81 da Lei 58/2003. Os custos orixinados pola adopción das medidas cautelares necesarias serán a cargo do debedor.

ARTIGO 44.- TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN

1. A Recadación do Concello tramitará as solicitudes de aprazamento ou fraccionamento examinando e avaliando a falta de liquidez e a capacidade para xerar recursos conforme o que dispoñen as normas regulamentarias de aplicación, formulando a correspondente proposta de resolución ao órgano competente para a súa aprobación.

2. Será órgano competente para a resolución das solicitudes de aprazamentos ou fraccionamentos de pagamento o alcalde ou o/a tenente de alcalde en quen delegue, tanto en período voluntario como executivo.

3. A resolución que concedan aprazamentos ou fraccionamentos de pagamento serán notificadas aos interesados e, especificaranse os prazos e demais condicións destes, conforme a normativa regulamentaria de aplicación xunto co cálculo dos xuros e do procedemento en caso de falta de pagamento, debendo coincidir os vencementos cos días 5 ou 20 do mes ou o inmediato hábil posterior.

4. A resolución deberá adoptarse no prazo de seis meses que contarán desde o día en que a solicitude tivo entrada oficial no Rexistro Xeral do Concello ou no Rexistro Auxiliar da Recadación. Transcorrido este prazo poderá entenderse desestimada a solicitude.

5. Salvo circunstancias excepcionais apreciadas polo órgano de recadación, denegarase as seguintes solicitudes:

a) As de reconsideración de aprazamentos resoltos segundo os presentes criterios e que non estean debidamente fundadas, tendo como única finalidade demorar o cumprimento da obriga tributaria.

b) As presentadas por contribuíntes que incumpran aprazamentos concedidos ou non formalizasen as garantías.

c) As que correspondan a débedas illadas presentadas por contribuíntes que manteñen outras débedas co Concello de Oleiros sen regularizar.

d) Se se trata de empresas mercantís, cando a base imponible para os efectos do Imposto sobre sociedades do último exercicio económico sexa superior a 6.000 €.

ARTIGO 45.- CÁLCULO DE XUROS

1. As cantidades que se apracen ou fraccionen percibirán o xuro de mora regulado no artigo 33.2 a) desta ordenanza e 17 da Lei xeral orzamentaria, segundo se trate de débedas tributarias ou non tributarias, respectivamente.

2. No caso de concesión de aprazamento, os xuros de mora calcularanse sobre a débeda aprazada polo tempo comprendido entre o vencemento do período voluntario e o vencemento do prazo concedido. Se o aprazamento foi solicitado en período executivo a base para o cálculo de xuros non incluírá a recarga do período executivo que corresponda. Os xuros percibidos deberán ingresarse xunto coa débeda aprazada.

3. No caso de fraccionamentos, calcularanse xuros de mora por cada fracción de débeda, computándose o tempo desde o vencemento do período voluntario ata o vencemento do prazo de ingreso concedido para cada fracción. Os xuros acumulados por cada fracción deberán pagarse



xunto coa fracción no prazo de ingreso desta. Se o fraccionamento foi solicitado en período executivo a base para o cálculo non incluírá a recarga do período executivo que corresponda.

4. En caso de denegación de aprazamento ou fraccionamento de débedas:

- a) Se foi solicitado en período voluntario, liquidaranse xuros de mora polo período transcorrido desde o vencemento do período voluntario ata a data da resolución denegatoria.
- b) Se fose solicitado en período executivo liquidaranse xuros de mora ata o momento de efectuar o pagamento de acordo co establecido na normativa regulamentaria de aplicación.

ARTIGO 46.- EFECTOS DA FALTA DE PAGAMENTO

1. Nos aprazamentos e fraccionamentos, se unha vez que chega o vencemento do prazo concedido ou fraccionado non se efectuase o pagamento procederase á exacción da débeda pola vía de constrinximento ou ben a executar a garantía de conformidade co que se dispón no artigo 168 da Lei 58/2003 xeral tributaria e na normativa regulamentaria de aplicación.

ARTIGO 47.- PRESCRICIÓN

1. Prescribirán aos catro anos os seguintes dereitos:

- a) O dereito do Concello para determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación.
- b) O dereito do Concello para esixir o pagamento das débedas tributarias liquidadas e autoliquidadas
- c) O dereito a solicitar as devolucións derivadas da ordenanza de cada tributo, as devolucións de ingresos indebidos e o reembolso do custo das garantías.
- d) O dereito a obter as devolucións derivadas da ordenanza de cada tributo, as devolucións de ingresos indebidos e o reembolso do custo das garantías.

2. O prazo de prescrición comezará a contarse:

- No caso a), desde o día seguinte a aquel en que remate o prazo regulamentario para presentar a correspondente declaración ou autoliquidación.
 - No caso b), desde o día seguinte a aquel en que remate o prazo de pagamento voluntario.
 - No caso c), desde o día seguinte a aquel en que a devolución puido solicitarse, ou se realizou o ingreso indebido, ou fose firme o acto impugnado, segundo establece o artigo 67 da Lei 58/2003 xeral tributaria.
 - No caso d), desde o día seguinte a aquel en que remate o prazo fixado na ordenanza para practicar a devolución ou fose recoñecido o dereito á devolución, ou ao reembolso de garantías.
3. Os prazos de prescrición aos que se refire o apartado 2 anterior interrómpanse por actuacións da Administración tributaria así como dos obrigados tributarios, nos termos regulados no artigo 68 da Lei 58/2003 xeral tributaria.
4. A prescrición gañada extingue a débeda tributaria.
5. A prescrición aplicarase de oficio, mesmo nos casos en que estivese pagada a débeda, sen necesidade de que a invoque ou excepcione o obrigado ao pagamento.

ARTIGO 48.- COMPENSACIÓN

1. As débedas coa Facenda municipal poderán extinguirse total ou parcialmente por compensación, tanto en período voluntario como executivo cos créditos recoñecidos pola mesma a favor do debedor.
2. As débedas a favor do Concello, cando o debedor sexa un ente territorial, un organismo autónomo, a Seguridade Social ou unha entidade de dereito público nos que a súa actividade non se rexa polo ordenamento privado, serán compensables de oficio, unha vez transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, segundo o procedemento establecido na normativa regulamentaria de aplicación.
3. Cando un debedor á Facenda municipal, non comprendido no parágrafo anterior, sexa á vez acredor desta por un crédito recoñecido, transcorrido o período voluntario, compensarase de



oficio a débeda e as recargas do período executivo que procedan, co crédito. A compensación seralle notificada á persoa interesada.

ARTIGO 49.- COMPENSACIÓN A INSTANCIA DO SUXEITO PASIVO

1. O debedor que solicite a compensación deberá dirixirle ao Concello a correspondente solicitude que conterá os seguintes requisitos:

- a) Nome e apelidos ou razón social completa, número de identificación fiscal e domicilio fiscal do obrigado tributario.
- b) Débeda tributaria á que se refire a compensación e o seu importe, data de vencemento do prazo de ingreso voluntario e referencia contable.
- c) Crédito contra o Concello que se ofrece compensar, o seu importe e a súa natureza.
- d) Declaración expresa de non ter transmitido ou cedido o crédito a outra persoa.

2. A Alcaldía ou a Tenencia de Alcalde en que delegue, acordará ou denegará a compensación no prazo máximo de seis meses.

ARTIGO 50.- INSOLVENCIA

1.- Son créditos incobrables aqueles que non poden facerse efectivos no procedemento de recadación por resultar errados os obrigados ao pagamento, ou por terse realizado con resultado negativo as actuacións previstas no presente artigo.

2.- Cando se declaren errados os obrigados ao pagamento e os responsables, declararanse provisionalmente extinguidas as débedas, en tanto non se rehabiliten no prazo de prescrición. A débeda quedará definitivamente extinguida se non se rehabilitase no antedito prazo.

3.- Se o recadador executivo coñece a solvencia sobrevivida do debedor, propondrá a rehabilitación do crédito á tesoureira. Unha vez aprobada, rexistrárase informaticamente.

4.- Unha vez declarado errado un debedor, os créditos contra este de vencemento posterior serán dados de baixa por referencia á dita declaración, se non existen outros obrigados ou responsables.

5.- Para os efectos de declaración de créditos incobrables, o xefe da Oficina de Recadación documentará os expedientes, en función da contía destes, formulando unha proposta que, aprobará o alcalde ou o/a tenente de alcalde en quen delegue.

6.- En base a criterios de economía e eficacia na xestión recadadora, e coa finalidade de conxugar o respecto ao principio de legalidade procedemental co de eficacia administrativa, establécense deseguido os requisitos e as condicións que haberán de verificarse con carácter previo á proposta de declaración de créditos incobrables, en función dos importes e características da débeda:

6.1. Para débedas que non excedan de 30,05 € procederase segundo sinala o artigo 79 desta ordenanza no seu parágrafo, anulación de débedas.

6.2. Expedientes por débedas cuxo importe total acumulado sexa superior a 30,05 € e inferior a 150,00€. Formularase unha proposta de declaración de crédito incobrable cando se cumpran os seguintes requisitos:

- Deberá figurar no expediente executivo a notificación da providencia de constrinximento, que poderá realizarse nos enderezos que figuren nos valores, no enderezo que figure na base de datos municipal, ou ben no que conste no padrón de habitantes.
- Nos supostos de notificacións practicadas nos enderezos indicados no apartado anterior con resultado negativo, ben por ser o debedor descoñecido, ou por resultar ausente tras dous intentos de notificación, deberanse publicar mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia.
- Inexistencia de crédito a favor do debedor, incluídos os derivados de devolucións de ingresos indebidos, que poidan dar lugar ao inicio dun expediente de compensación de oficio.

- Deberase acreditar o embargo de diñeiro en contas abertas en entidades de depósito con resultado negativo ou positivo parcial, entendéndose cumprido este requisito cando se acredite o embargo polo menos en catro entidades financeiras.

6.3. Expedientes por débedas cuxo importe total acumulado sexa superior a 150,01€ e inferior a 600,00€. Formularase unha proposta de declaración de crédito incobrable cando se cumpran os seguintes requisitos:

- Deberá figurar no expediente executivo a notificación da providencia de constrinximento, que poderá realizarse nos enderezos que figuren nos valores, no enderezo que figure na base de datos municipal, ou ben no que conste no padrón de habitantes.
- Nos supostos de notificacións practicadas nos enderezos indicados no apartado anterior con resultado negativo, ben por ser o debedor descoñecido, ou por resultar ausente tras dous intentos de notificación, deberanse publicar mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia.
- Inexistencia de crédito a favor do debedor, incluídos os derivados de devolucións de ingresos indebidos, que poidan dar lugar ao inicio dun expediente de compensación de oficio.
- Deberase acreditar o embargo de diñeiro en contas abertas en entidades de depósito con resultado negativo ou positivo parcial, entendéndose cumprido este requisito cando se acredite o embargo cando menos en catro entidades financeiras.
- Embargo, con resultado negativo, de soldos, salarios e pensións.
- Embargo de devolucións tributarias xestionadas pola AEAT, nos termos previstos nos Convenios subscritos pola FEMP aos que se ten adherido o Concello de Oleiros.

6.4. Expedientes por débedas cuxo importe total acumulado sexa superior a 600,01 € e inferior a 3.000,00 €. Formularase proposta de declaración de crédito incobrable cando se cumpran os seguintes requisitos:

- Deberá figurar no expediente executivo a notificación da providencia de constrinximento, que poderá realizarse nos enderezos que figuren nos valores, no enderezo que figure na base de datos municipal, ou ben no que conste no padrón de habitantes.
- Nos supostos de notificacións practicadas nos enderezos indicados no apartado anterior con resultado negativo, ben por ser o debedor descoñecido, ou por resultar ausente tras dous intentos de notificación, deberanse publicar mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia.
- Inexistencia de crédito a favor do debedor, incluídos os derivados de devolucións de ingresos indebidos, que poidan dar lugar ao inicio dun expediente de compensación de oficio.
- Deberase acreditar o embargo de diñeiro en contas abertas en entidades de depósito con resultado negativo ou positivo parcial, entendéndose cumprido este requisito cando se acredite o embargo cando menos en catro entidades financeiras.
- Embargo, con resultado negativo, de soldos, salarios e pensións.
- Embargo de devolucións tributarias xestionadas pola AEAT, nos termos previstos nos convenios subscritos pola FEMP aos que se ten adherido o Concello de Oleiros.
- Deberase acreditar no expediente que o debedor non figura como suxeito pasivo no padrón do Imposto sobre bens inmobles, no Imposto sobre actividades económicas, e no do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

6.5. Expedientes por débedas cuxo importe total acumulado sexa superior a 3.000,01€. Formularase unha proposta de declaración de crédito incobrable cando se cumpran os seguintes requisitos:

- Deberá figurar no expediente executivo a notificación da providencia de constrinximento, que poderá realizarse nos enderezos que figuren nos valores, no enderezo que figure na base de datos municipal, ou ben no que conste no padrón de habitantes.
- Nos supostos de notificacións practicadas nos enderezos indicados no apartado anterior con resultado negativo, ben por ser o debedor descoñecido, ou por resultar ausente tras dous intentos de notificación, deberanse publicar mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia.



- Inexistencia de crédito a favor do debedor, incluídos os derivados de devolucións de ingresos indebidos, que poidan dar lugar ao inicio dun expediente de compensación de oficio.
- Deberase acreditar o embargo de diñeiro en contas abertas en entidades de depósito con resultado negativo ou positivo parcial, entendéndose cumprido este requisito cando se acredite o embargo cando menos en catro entidades financeiras.
- Embargo, con resultado negativo, de soldos, salarios e pensións, no caso de persoas físicas.
- Embargo de devolucións tributarias xestionadas pola AEAT, nos termos previstos nos convenios subscritos pola FEMP aos que se ten adherido o Concello de Oleiros.
- Deberase acreditar no expediente que o debedor non figura como suxeito pasivo no padrón do Imposto sobre bens inmobles, no Imposto sobre actividades económicas, e no do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica.
- Deberase acreditar que non figuran bens inscritos a nome do debedor no Servizo de Índices Central dos Rexistros da Propiedade, así como noutros rexistros públicos.
- Cando se trate de débedas que figuren a nome de persoas xurídicas, deberanse constatar no expediente as actuacións realizadas mediante a información que facilite o Rexistro Mercantil.

7.- Cando, iniciado o período executivo, non se dispoña do número de identificación fiscal do debedor, ou ben dalgún outro dato que imperativamente deba conter a providencia de constrinximento, os expedientes serán automaticamente dados de baixa definitiva mediante a declaración dos correspondentes créditos como incobrables, dando conta da resolución adoptada ao servizo liquidador competente.

8.- Para os efectos de determinar a contía a que se refiren os apartados anteriores, computarase o importe de todas as débedas dun mesmo contribuínte por calquera concepto que se atopen pendentes de pagamento, e acumuladas no correspondente expediente, con exclusión das recargas e os xuros do período executivo, e sempre que se ditase con anterioridade a providencia de constrinximento. A estes efectos, non se terán en conta os importes correspondentes a multas por infraccións en materia de tráfico e seguridade viario.

Non obstante, poderase pospor a proposta de declaración de crédito incobrable dentro do prazo de prescrición, nos casos nos que o incremento da contía pola posible acumulación de débedas de vencemento periódico, poida permitir unha tramitación máis rigorosa do expediente segundo o que se establece no apartado anterior.

9.- Na tramitación de expedientes de créditos incobrables por multas de circulación, formularase a correspondente proposta en función do importe acumulado da totalidade das multas de circulación pendentes de aboamento en período executivo, cando se cumpran os requisitos seguintes:

- a) Cando o importe da débeda sexa igual ou inferior a 100,00 €, e fose infrutuoso o embargo de fondos situados en contas abertas en entidades de depósito.
- b) Cando o importe da débeda fose superior a 100,00 € e igual ou inferior a 600,00€ e fosen infrutuosos os intentos de embargo de fondos e de soldos, salarios e pensións.
- c) Sendo o importe da débeda superior a 600,00 €, non tivesen resultado positivo, ademais das previstas nos apartados a) e b) anteriores, as actuacións de embargo de vehículos. No suposto de infractores reincidentes poderanse realizar actuacións complementarias das anteriores.
- d) Tratándose de infractores non residentes no municipio de Oleiros, ou residentes especialmente reincidentes, entendendo por estes os que teñan cinco ou máis multas pendentes de aboamento en período executivo, poderase ordenar o embargo de devolucións tributarias xestionadas pola AEAT, nos termos previstos nos convenios subscritos pola FEMP aos que se ten adherido o Concello de Oleiros.



10.- As normas que contén este artigo polas que se fixan as condicións para a declaración de errado dos debedores constitúen procedementos tipo para a mellora da eficiencia recadatoria do Concello de Oleiros e poderán excepcionarse cando razóns de oportunidade así o aconsellen, non sendo en ningún caso invocable o seu cumprimento polos administrados, para os efectos de ser declarados insolventes.

ARTIGO 51.- CONDONACIÓN

1. As entidades locais non poderán allear ou hipotecar os seus dereitos e propiedades nin conceder exencións, perdóns, rebaixas ou moratorias para o pagamento dos seus recursos ou dos créditos por calquera concepto que tivesen liquidados ao seu favor, agás nos casos previstos polas leis.
2. As débedas só poderán condonarse en virtude de lei, na contía e cos requisitos que nesta se determinen.

TÍTULO III APLICACIÓN DOS TRIBUTOS

CAPÍTULO I ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA E DOS OBRIGADOS TRIBUTARIOS

ARTIGO 52. ÁMBITO DA APLICACIÓN DOS TRIBUTOS

1. A aplicación dos tributos desenvolverase a través dos procedementos de xestión, inspección e recadación. Igualmente, comprenderá, actuacións de información e asistencia aos obrigados tributarios, publicacións, contestación a consultas tributarias escritas, colaboración social na aplicación dos tributos, cumprimento de obrigas de información e outros.

ARTIGO 53. DEBER DE INFORMACIÓN E ASISTENCIA AOS OBRIGADOS TRIBUTARIOS. UTILIZACIÓN DAS NOVAS TECNOLOXÍAS

1. A administración tributaria do Concello prestará aos obrigados tributarios a necesaria información sobre os seus dereitos e obrigas.
2. A actividade a que se refire o apartado anterior, desenvolverase polos seguintes medios:
 - a) Mediante a publicación anual dun texto actualizado das ordenanzas fiscais e de prezos públicos do Concello e dos seus organismos autónomos.
 - b) A Xestión Tributaria do Concello, informará aos contribuíntes dos criterios administrativos seguidos para a aplicación da normativa fiscal do Concello a dita información será accesible a través da web do Concello.
3. A Facenda Municipal impulsará a utilización das técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos no desenvolvemento das súas actividades e nas relacións cos contribuíntes.
4. A utilización destas técnicas terá as limitacións establecidas pola Constitución e o resto do ordenamento xurídico. En especial, garantirá os datos de carácter persoal de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro de protección dos datos de carácter persoal e as demais normas que regulen o tratamento electrónico da información.

ARTIGO 54. COLABORACIÓN SOCIAL NA XESTIÓN TRIBUTARIA

1. A colaboración social na xestión dos tributos poderá instrumentarse a través de acordos da Administración Tributaria municipal con outras administracións públicas, con entidades privadas



ou con institucións e organizacións representativas de sectores ou intereses sociais, laborais, empresariais ou profesionais.

A dita colaboración poderá referirse entre outros, aos seguintes aspectos:

- a) Campañas de información e difusión.
- b) Simplificación do cumprimento das obrigas e deberes tributarios e asistencia na realización de declaracións.
- c) Presentación e remisión á Administración tributaria do Concello de autoliquidacións, declaracións, comunicacións ou calquera outro documento con transcendencia tributaria, logo da autorización dos obrigados tributarios.
- d) Solicitude e obtención de certificados tributarios e información do estado de tramitación de devolucións, logo da autorización dos obrigados tributarios.

2. Toda persoa natural o xurídica, pública ou privada, estará obrigada a proporcionarlle á Administración tributaria do Concello toda clase de datos, informes ou antecedentes con transcendencia tributaria, deducidos das súas relacións económicas, profesionais ou financeiras con outras persoas, nos termos establecidos no artigo 93 da Lei 58/2003 xeral tributaria.

Así mesmo, as autoridades, calquera que sexa a súa natureza, os xefes ou os encargados de oficinas civís ou militares do Estado e dos demais entes públicos territoriais, os organismos autónomos e as sociedades estatais, as cámaras e corporacións, colexios e asociacións profesionais, mutualidades de previsión social, as demais entidades públicas incluídas as xestoras da Seguridade Social e quen, en xeral exerzan funcións públicas estarán obrigados a subministrarlle á Administración tributaria do Concello cantos datos e antecedentes con transcendencia tributaria solicite esta, nos termos establecidos no artigo 94 da Lei 58/2003 xeral tributaria.

3. Os datos, os informes ou os antecedentes obtidos pola Administración tributaria do Concello no desempeño das súas funcións teñen carácter reservado e só poderán ser utilizados para a efectiva aplicación dos tributos ou recursos dos que teñan encomendada a súa xestión, sen que poidan ser cedidos ou comunicados a terceiros, agás que a cesión teña por obxecto os supostos regulados no artigo 95 da Lei 58/2003 xeral tributaria.

4. A denuncia pública é independente do deber de colaboración coa Administración Tributaria municipal conforme o apartado 2 deste artigo, e consistirá en poñer en coñecemento da administración tributaria do Concello feitos ou situacións que poidan ser constitutivos de infraccións ou ter transcendencia para a aplicación dos tributos.

Recibida unha denuncia, trasladarase aos departamentos competentes para levar a cabo as actuacións que procedan.

As denuncias infundadas poderán archivarase sen máis trámite.

Non se considerará ao denunciante interesado na actuación administrativa que se inicie a raíz da denuncia, nin lexitimado para a interposición de recursos ou reclamacións en relación cos resultados desta.

ARTIGO 55.- CONSULTA TRIBUTARIA ESCRITA E EFECTOS DAS CONTESTACIÓNS AS CONSULTAS TRIBUTARIAS ESCRITAS

1. Os obrigados tributarios poden formularlle á Administración Municipal consultas debidamente documentadas, en relación ao réxime, á clasificación ou á cualificación tributaria que en cada caso lles corresponda.

2. As consultas tributarias escritas formularanse antes da finalización do prazo establecido para o exercicio dos dereitos, a presentación de declaracións ou autoliquidacións ou o cumprimento doutras obrigas tributarias. A consulta formularase mediante un escrito dirixido ao órgano competente para a súa contestación, que deberá conter como mínimo:

- a) Nome e apelidos ou razón social ou denominación completa, número de identificación fiscal do obrigado tributario, e no seu caso, do representante.
- b) Obxecto da consulta.



- c) En relación coa cuestión formulada na consulta, expresaranse con claridade e coa extensión necesaria os antecedentes e circunstancias do caso.
- d) Lugar, data e sinatura ou acreditación da representación.
3. Así mesmo, poderán formular consultas tributarias os colexios profesionais, cámaras oficiais, organizacións patronais, sindicatos, asociacións de consumidores, asociacións ou fundacións que representen intereses de persoas con discapacidade, asociacións empresariais e organizacións profesionais cando se refiran a cuestións que afecten á xeneralidade dos seus membros ou asociados.
4. Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos, requirirase ao interesado, para que nun prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte ao da notificación do requirimento, emenden o defecto con indicación de que de non atender este no prazo sinalado teráselle por desistido da consulta e archivarase sen máis trámite.
5. A competencia para contestar as consultas establecidas neste precepto corresponderalle ao alcalde ou ao/á tenente de alcalde en quen delegue, sen que caiba recurso ningún contra a contestación e sen prexuízo de que poida emprenderse aquel contra o acto ou actos administrativos ditados de acordo cos criterios manifestados nestas.
6. A Administración municipal deberá contestar por escrito as consultas que reúnan os requisitos establecidos en virtude do parágrafo 2 deste artigo no prazo de seis meses desde a súa presentación. A falla de contestación non implicará a aceptación dos criterios expresados no escrito da consulta.
7. A contestación ás consultas tributarias escritas terá efectos vinculantes, nos termos previstos neste artigo, para os órganos e entidades da Administración tributaria encargados da aplicación dos tributos na súa relación co consultante.
- En tanto non se modifique a lexislación ou a xurisprudencia aplicable ao caso, aplicaranse ao consultante os criterios expresados na contestación, sempre e cando a consulta fose formulada no prazo o que se refire o apartado 2 do artigo anterior e non fosen alteradas as circunstancias, antecedentes e demais datos recollidos no escrito de consulta.
- Os órganos da Administración tributaria municipal encargados da aplicación dos tributos deberán aplicar os criterios contidos nas consultas tributarias escritas a calquera obrigado, sempre que exista identidade entre os feitos e as circunstancias do dito obrigado e os que se inclúan na contestación á consulta.
8. Non terán efectos vinculantes para a Administración tributaria municipal, as contestacións ás consultas formuladas no prazo ao que se refire o apartado 2 do artigo anterior que formulen cuestións relacionadas co obxecto ou coa tramitación dun procedemento, dun recurso ou dunha reclamación, iniciado con anterioridade.
9. A presentación e a contestación das consultas non interromperá os prazos establecidos nas normas tributarias para o cumprimento das obrigas tributarias.
10. A contestación ás consultas tributarias escritas terá carácter informativo e o obrigado tributario non poderá iniciar ningún recurso contra a dita contestación. Poderá facelo contra o acto ou os actos administrativos que se diten posteriormente en aplicación dos criterios manifestados na contestación.

CAPÍTULO II

NORMAS COMÚNS SOBRE ACTUACIÓNS E PROCEDEMENTOS TRIBUTARIOS: ESPECIALIDADES DOS PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS EN MATERIA TRIBUTARIA

ARTIGO 56.- NORMAS REGULADORAS DOS PROCEDEMENTOS TRIBUTARIOS

As actuacións e os procedementos de aplicación dos tributos do Concello regularanse:

- a) Pola presente ordenanza



- b) Polas ordenanzas fiscais de cada tributo.
- c) Pola Lei 58/2003 Xeral Tributaria e as disposicións regulamentarias que desenvolvan aquela e poidan resultar de aplicación para a Administración tributaria do Concello.
- d) Supletoriamente, polas disposicións xerais sobre procedementos administrativos.

ARTIGO 57.- FASES DOS PROCEDEMENTOS TRIBUTARIOS

1. Os procedementos tributarios realizaranse nas fases de iniciación, desenvolvemento e terminación.

a) Iniciación:

- 1. A iniciación poderá ser de oficio ou a instancia do obrigado tributario mediante autoliquidación, declaración, comunicación, solicitude ou calquera outro medio previsto na normativa tributaria.
- 2. Os documentos de iniciación das actuacións e dos procedementos tributarios deberán conter, en todo caso, o nome e os apelidos ou a razón social e o número de identificación fiscal do obrigado tributario e, no seu caso, da persoa que o represente.
- 3. A Administración tributaria do Concello poderá aprobar modelos e sistemas normalizados de autoliquidacións, declaracións, comunicacións, solicitudes ou calquera outro medio previsto na normativa tributaria, e poñerá a disposición dos obrigados tributarios modelos normalizados de autoliquidacións, declaracións, comunicacións e solicitudes segundo a normativa propia de cada tributo.

b) Desenvolvemento:

- 1. No desenvolvemento do procedemento tributario, os obrigados tributarios teñen dereito a que se lles expida certificación de autoliquidacións, declaracións e comunicación presentadas por eles ou de extremos concretos contidos nestas.
- 2. O obrigado que sexa parte nunha actuación ou procedemento tributario poderá obter á súa costa a copia dos documentos que figuran no expediente, salvo que afecten a intereses de terceiras persoas ou a intimidade doutras persoas. As copias facilitaranse no trámite de audiencia ou, no seu defecto, no de alegacións posterior á proposta de resolución.
- 3. O acceso aos rexistros e aos documentos que formen parte dun expediente concluído á data de solicitude e que obren nos arquivos administrativos só poderá solicitarse polo obrigado tributario, que fose parte do procedemento, sen prexuízo do disposto no artigo 95 da Lei 58/2003.
- 4. As actuacións da Administración tributaria nos procedementos de aplicación dos tributos documentaranse en comunicacións, dilixencias, informes e outros documentos previstos na normativa específica de cada procedemento.

a) As comunicacións son aqueles documentos polo que a Administración tributaria notifica ao obrigado tributario o inicio do procedemento, realiza requirimentos ou pon de manifesto feitos ou actuacións relativos a aquel. As comunicacións poderán incorporarse ao contido das dilixencias que se estendan.

b) As dilixencias son os documentos públicos que se estenden para facer constar feitos e manifestacións do obrigado tributario ou persoa co que se entenden as actuacións. As dilixencias non poderán conter propostas de liquidacións tributarias.

Os órganos da Administración tributaria emitirán, de oficio ou a petición de terceiros, os informes que sexan preceptivos conforme o ordenamento xurídico, os que soliciten outros órganos e os servizos das Administracións públicas ou os poderes legislativo e xudicial, nos termos previstos polas leis, e os que resulten necesarios para a aplicación dos tributos.

5. Nos procedementos tributarios poderase prescindir do trámite de audiencia previo á proposta de resolución dun expediente cando se subscriban actas con acordo ou naqueles en que estea previsto un trámite de alegacións posterior á proposta. O trámite de alegacións terá unha duración de 10 días hábiles.

c) Terminación:

- 1. A terminación dos procedementos tributarios producirase por: resolución do alcalde ou do/da tenente de alcalde en que delegue, desistencia, renuncia ao dereito no que se fundamentaba a

solicitude, caducidade, cumprimento da obriga e outras previstas na ordenanza reguladora do tributo ou no ordenamento tributario.

ARTIGO 58.- LIQUIDACIÓNS TRIBUTARIAS: CONCEPTO E CLASES

1. A liquidación tributaria é o acto resolutorio polo que o órgano competente do Concello realiza as operacións de cuantificación necesarias e determina o importe da débeda tributaria ou da cantidade que, no seu caso, resulte a devolver ou a compensar de acordo coa normativa tributaria.

2. A Administración tributaria non estará obrigada a axustar as liquidacións aos datos consignados polos obrigados tributarios nas autoliquidacións, declaracións, comunicacións, solicitudes ou calquera outro documento.

3. As liquidacións tributarias serán provisionais e definitivas.

4. Terán a consideración de definitivas:

a) As practicadas polo procedemento inspector logo da comprobación e da investigación da totalidade dos elementos da obriga tributaria, salvo o disposto no apartado 4 do artigo 101 da Lei 58/2003.

b) As demais ás que a normativa tributaria outorgue tal carácter.

5. Nos demais casos, as liquidacións tributarias terán carácter de provisionais.

6.- Non se iniciará o procedemento de xestión, liquidación e recadación tributaria, respecto de débedas tributarias cuio importe sexa igual ou inferior a 6 €, con independencia do exercicio a que se refiran, salvo nos casos de recibos que se aproben, xestionen e exaccionen a través de padróns fiscais. Asimesmo, non se iniciará o procedemento de recadación executiva, no caso de débedas cuio importe sexa igual ou inferior a 6 €.

ARTIGO 59.- NOTIFICACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS TRIBUTARIAS

1. As liquidacións tributarias notificaranse aos obrigados tributarios nos termos previstos na sección 3ª do CAPÍTULO II do título III da Lei 58/2003.

2. As liquidacións notificaranse coa expresión de:

a) Identificación do obrigado tributario.

b) Elementos determinantes da contía da débeda tributaria.

c) Motivación destas cando non se acheguen aos datos consignados polo obrigado tributario ou á aplicación ou interpretación da normativa realizada polo mesmo, coa expresión dos feitos e dos elementos esenciais que as orixinen así como dos fundamentos de dereito.

d) Os medios de impugnación que poidan ser exercidos, órgano ante o que deban presentarse e prazo para a súa interposición.

e) Lugar, prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria.

f) O seu carácter de provisional ou definitiva.

3. No caso de tributos de cobro periódico, por recibo e tal e como establece a respectiva ordenanza fiscal, notificarase individualmente a liquidación correspondente á alta no respectivo padrón, matrícula ou rexistro, e as sucesivas liquidacións notificaranse colectivamente mediante edictos que o advirtan. O aumento da base tributaria sobre o resultante das declaracións deberá notificárselle ao suxeito pasivo con expresión concreta dos feitos e elementos adicionais que o motiven, excepto cando a modificación proveña de revalorizacións de carácter xeral autorizadas polas leis ou de modificación das ordenanzas fiscais regulamentariamente tramitadas. Neste caso serán notificadas colectivamente segundo o disposto no artigo 63.2 desta ordenanza.



4. As ordenanzas fiscais especificarán, se é o caso, outros supostos nos que non será preceptiva a notificación expresa e advertirase igualmente nos correspondentes impresos regulamentarios de declaracións, autoliquidacións ou partes de alta, ou mediante escrito ao declarante.
5. No caso de que a primeira liquidación se faga polo procedemento de autoliquidación entenderase que esta substitúe á alta no Padrón ou no Rexistro.
6. Os prazos para recursos en notificacións practicadas mediante exposición ao público dos padróns prodúcense desde o día seguinte ao de finalización de período voluntario de pagamento.
7. As notificacións defectuosas producirán efecto a partir da data na que o interesado realice actuacións que supoñan coñecemento do contido da resolución ou do acto obxecto da notificación, ou interpoñan o recurso procedente.
8. En todo caso, terán efecto polo transcurso de seis meses as notificacións practicadas persoalmente aos suxeitos pasivos que, aínda que conteñan o texto íntegro do acto, omitisen algún outro requisito, agás que se fixese protesta formal dentro deste prazo solicitando que a Administración municipal rectifique a deficiencia.
9. A notificación poderá practicarse no domicilio fiscal do obrigado tributario, no centro de traballo, no lugar en que se desenvolva a actividade económica ou en calquera outro adecuado a tal fin. De tratarse dun procedemento iniciado a solicitude do interesado, a notificación practicarase no lugar sinalado polo obrigado tributario ou, no seu defecto, no domicilio fiscal.
10. Cando non fose posible efectuar a notificación, suposto previsto no artigo 112 da Lei 58/2003, citarase aos obrigados tributarios para ser notificados por comparecencia mediante publicación única no Boletín Oficial da Provincia. Estas publicacións realizaranse os días 5 e 20 de cada mes ou o inmediato hábil posterior. Na publicación constarán a relación de notificacións pendentes indicando:
 - O obrigado tributario.
 - O procedemento que as motiva.
 - O órgano que as tramita.
 - O lugar en que o destinatario deberá comparecer e o prazo, sendo este último de 15 días naturais desde o seguinte ao da publicación.

CAPÍTULO III

PROCEDEMENTO DE XESTIÓN TRIBUTARIA

ARTIGO 60.- A XESTIÓN TRIBUTARIA E AS SÚAS FORMAS DE INICIACIÓN

1. A Xestión tributaria consiste no exercicio das funcións administrativas dirixidas:
 - a) Á recepción e á tramitación de declaracións, autoliquidacións, comunicacións de datos e demais documentos con transcendencia tributaria.
 - b) Á comprobación e á realización das devolucións previstas na Ordenanza fiscal procedente.
 - c) Ao recoñecemento e á comprobación da procedencia dos beneficios fiscais de acordo coa Ordenanza fiscal.
 - d) Ao control do cumprimento da obriga de presentar declaracións tributarias e outras obrigas formais.
 - e) Ás actuacións de verificación de datos.
 - f) Ás actuacións de comprobación de valores.
 - g) Ás actuacións de comprobación limitada.
 - h) Á práctica de liquidacións tributarias derivadas de declaracións tributarias así como actuacións derivadas de verificación e comprobación.
 - i) Á emisión de certificados tributarios, agás os relativos á recadación e inspección.
 - j) Á elaboración e ao mantemento de censos e padróns fiscais.
 - k) Á información e á asistencia tributaria.



l) Ás restantes actuacións de aplicación dos tributos non integradas nas funcións de inspección e recadación.

2. A Administración tributaria do Concello desenvolverá as actuacións relacionadas no apartado anterior conforme o disposto nesta ordenanza xeral, nas ordenanzas fiscais de cada tributo, e artigos 117 a 140 da Lei 58/2003 xeral tributaria.

3. Formas de iniciación da xestión tributaria:

1. De conformidade co previsto no artigo 118 da Lei 58/2003, a xestión tributaria iniciárase:

a) Por autoliquidación, por comunicación de datos ou por calquera outra clase de declaración.

b) Por solicitude do obrigado tributario, de acordo co previsto no artigo 98 da Lei 58/2003.

c) De oficio pola Administración tributaria.

ARTIGO 61.- DECLARACIÓN TRIBUTARIA, AUTOLIQUIDACIÓN E COMUNICACIÓN DE DATOS

1. Declaración tributaria:

Considerarase declaración tributaria todo documento presentado ante a Administración tributaria municipal onde se recoñeza ou manifieste a realización de calquera feito relevante para a aplicación dos tributos.

A presentación dunha declaración non implica aceptación ou recoñecemento polo obrigado tributario da procedencia da obriga tributaria.

As opcións que segundo a normativa tributaria deban exercitarse, solicitar ou renunciar coa presentación dunha declaración tributaria non poderán rectificarse con posterioridade a ese momento, salvo que a rectificación se presente no período regulamentario de declaración.

2. Autoliquidacións:

As autoliquidacións son declaracións nas que os obrigados tributarios, ademais de comunicar á Administración municipal os datos necesarios para a liquidación do tributo e outros de contido informativo, realizan por si mesmos, as operacións de cualificación e cuantificación necesarias para determinar ou ingresar o importe da débeda tributaria ou, no seu caso, determinar a cantidade que resulte a devolver ou a compensar.

As autoliquidacións presentadas polos obrigados tributarios poderán ser obxecto de verificación e comprobación pola Administración municipal, que practicará, no seu caso, a liquidación que proceda.

Cando un obrigado tributario considere que unha autoliquidación prexudicou de calquera modo os seus intereses lexítimos, poderá instar a rectificación da dita autoliquidación de acordo co procedemento que se regule.

Cando a rectificación dunha autoliquidación orixine una devolución dun ingreso indebido, a Administración tributaria aboará os xuros de mora nos termos sinalados no apartado 2 do artigo 32 da Lei 58/2003. Así mesmo, aboaranse os xuros de mora previsto no artigo 26 da citada lei, cando por causa imputable á Administración tributaria municipal, transcorran seis meses sen que esta ordenase o pagamento da devolución por rectificación dunha autoliquidación. A estes efectos, o prazo de seis meses comezará a contarse a partir da finalización do prazo para a presentación da autoliquidación ou, se este xa concluíse, a partir da presentación da solicitude de rectificación.

ARTIGO 62.- PRESENTACIÓN DE DECLARACIÓN E AUTOLIQUIDACIÓN

1. Será obrigatoria a presentación de declaración ou autoliquidación nos supostos e dentro dos prazos determinados en cada ordenanza particular, e, en xeral, dentro do mes natural seguinte a aquel en que se produza o feito impoñible.

ARTIGO 63.- DECLARACIÓN, AUTOLIQUIDACIÓN E COMUNICACIÓN COMPLEMENTARIAS E SUBSTITUTIVAS.

1. Os obrigados tributarios poderán presentar autoliquidacións complementarias, ou declaracións ou comunicacións complementarias ou substitutivas, dentro do prazo establecido para a súa



presentación ou con posterioridade á finalización de dito prazo, sempre que non haxa prescrito o dereito da Administración para determinar a débeda tributaria. Neste último caso terán o carácter de extemporáneas.

2. As autoliquidacións complementarias terán como finalidade completar ou modificar as presentadas con anterioridade e poderanse presentar cando delas resulte un importe a ingresar superior ao da autoliquidación anterior ou unha cantidade a devolver ou a compensar inferior a anteriormente autoliquidada. Nos demais casos, estarase o disposto no apartado 3 do artigo 120 da Lei 58/2003.

Porén o disposto no parágrafo anterior e salvo que especificamente se estableza outra cousa, cando con posterioridade a aplicación dunha exención, dunha dedución ou dun incentivo fiscal se produza a perda do dereito á súa aplicación por incumprimento dos requisitos a que estivese condicionado, o obrigado tributario, deberá incluír na autoliquidación correspondente o período impositivo no que se produciu o incumprimento, a cota ou a cantidade derivada da exención, da dedución ou do incentivo fiscal aplicado de forma indebida nos períodos impositivos seguintes, xunto cos xuros de mora.

3. Os obrigados tributarios poderán presentar declaracións ou comunicacións de datos complementarias ou substitutivas, facendo constar se se trata dunha ou doutra modalidade, coa finalidade de completar ou modificar as presentadas con anterioridade.

ARTIGO 64.- PADRÓNS FISCAIS PERIÓDICOS

1. Serán obxecto de padrón, matrícula ou rexistro, á parte do que se estableza en cada ordenanza específica, as exaccións nas que, pola súa natureza, se produza unha continuidade dos orzamentos determinantes da esixibilidade do tributo.

2. Os padróns, as matrículas ou os rexistros en soporte documental ou magnético deberán conter ademais dos datos específicos que requira cada un deles, segundo as características da exacción, os extremos seguintes:

- a) nome, apelidos, NIF e domicilio do suxeito pasivo
- b) finca, establecemento industrial ou comercial ou elemento obxecto da exacción
- c) base imponible e/ou liquidable
- d) tipo de gravame
- e) cota tributaria.

ARTIGO 65.- FORMACIÓN

1. A formación dos padróns, das matrículas ou dos rexistros será realizada polo Departamento de Xestión Tributaria, que tomará como base:

- a) Os datos existentes na propia oficina e/ou os comunicados por outros Departamentos da Administración municipal.
- b) As declaracións ou declaracións-liquidacións dos suxeitos pasivos nos casos en que así se esixa.
- c) O resultado da investigación practicada.

ARTIGO 66.- APROBACIÓN

1. Os padróns serán elaborados polo Departamento de Xestión Tributaria coa colaboración do Departamento de Informática, e corresponderalle á Intervención Xeral a súa fiscalización e toma de razón.

2. Os padróns, matrículas ou rexistros someteranse cada ano á aprobación da Alcaldía ou da Tenencia de Alcalde en quen delegue, e expoñeranse ao público nas oficinas municipais durante o prazo de 15 días, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Esta exposición, que será anunciada tamén na prensa local, producirá os efectos de notificación a cada un dos suxeitos pasivos.



3. Os obrigados tributarios poderán formular contra as liquidacións contidas no Padrón anual recurso de reposición no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de finalización do período voluntario de pagamento.

4. Non precisarán de notificación individualizada as variacións na cota tributaria orixinadas por modificación de tipos impositivos, índices, coeficientes ou tarifas aprobadas por lei de carácter xeral, de obrigatoria aplicación, ou procedentes da correspondente modificación da Ordenanza fiscal regulamentariamente tramitada.

Así mesmo non precisarán de notificación individualizada as cotas de recibos periódicos con aumentos nas bases impoñibles e liquidables cando tales aumentos procedan de revalorizacións de carácter xeral autorizados polas Leis.

ARTIGO 67.- ALTAS E BAIXAS: EFECTOS

1. As altas por declaración dos interesados ou descubertas pola acción investigadora da Administración municipal terán efecto desde a data en que, por disposición de cada ordenanza, naza a obriga de contribuír e serán incorporadas definitivamente ao padrón, á matrícula ou ao rexistro do ano seguinte.

2. As baixas ou alteracións deberán ser formuladas polos suxeitos pasivos e producirán a eliminación ou rectificación do padrón, matrícula ou rexistro, con efectos a partir do período seguinte a aquel no que fosen presentadas, sen prexuízo da correspondente verificación ou comprobación.

ARTIGO 68.- CLASES DE PROCEDEMENTOS TRIBUTARIOS

1. A Administración Tributaria do Concello realizará as actuacións necesarias para o desenvolvemento dos procedementos propios da xestión tributaria de conformidade co artigo 123 da Lei 58/2003.

2. Regulamentariamente poderanse regular outros procedementos de xestión tributaria os que serán de aplicación, en todo caso, as normas establecidas no TÍTULO III, CAPÍTULO II da citada lei.

ARTIGO 69.- PROCEDEMENTO DE COMPROBACION LIMITADA

1. De conformidade cos artigos 123 e 136 a 140 da Lei 58/2003, a Administración Tributaria do Concello, realizará as seguintes actuación de comprobación limitada:

- a) Exame dos datos consignados polos obrigados tributarios nas súas declaracións.
- b) Exame dos datos e antecedentes obrantes na Administración do Concello que poñan de manifesto a realización do feito impoñible ou do orzamento dunha obriga tributaria, ou a existencia de elementos determinantes desta non declarados ou distintos aos declarados polo obrigado tributario.
- c) Exame dos rexistros e demais documentos esixidos pola normativa tributaria e de calquera outro libro, rexistro ou documento de carácter oficial agás a contabilidade mercantil, así como exame de facturas ou documentos que sirvan de xustificante das operacións incluídas nos ditos libros, rexistros ou documentos.
- d) Requirimentos a terceiros para que acheguen a información que estean obrigados a subministrar con carácter xeral ou para que a ratifiquen mediante a presentación dos correspondentes xustificantes.

2. As actuacións de comprobación limitada realizaranse nas oficinas do Concello agás a comprobación de datos censais e elementos tributarios de carácter obxectivo que deban ser comprobados visualmente tales como superficies, potencia instalada, uso de locais e outros.

3. As actuacións de comprobación limitada realizaranse de oficio notificando a súa natureza e alcance aos obrigados tributarios. Documentaranse en comunicacións e dilixencias.

4. Con carácter previo á práctica de liquidación provisional, a Administración tributaria do Concello comunicará á proposta de liquidación a fin de que o obrigado tributario poida presentar as alegacións que estime oportunas.



5. O procedemento de comprobación limitada rematará, agás supostos de caducidade ou inicio de procedemento inspector, con resolución administrativa que conteña:

- Elementos da obriga tributaria obxecto de comprobación e o seu ámbito temporal.
- Especificación das actuacións realizadas.
- Relación de feitos e fundamentos de dereito que motivan a resolución.
- Liquidación provisional ou manifestación expresa de que non procede regularizar a situación tributaria como consecuencia da comprobación realizada.

6. Ditada a resolución anterior, a Administración tributaria non realizará unha nova regularización sobre o obxecto e o ámbito temporal comprobado. Os obrigados tributarios non poderán impugnar os feitos e elementos determinantes da débeda tributaria aos que manifestasen conformidade expresa.

CAPÍTULO IV PROCEDEMENTO DE INSPECCIÓN

ARTIGO 70.- A INSPECCIÓN TRIBUTARIA

1. A Inspección tributaria consiste no exercicio das funcións administrativas dirixidas a:

- a) A investigación dos supostos de feito das obrigas tributarias para o descubrimento dos que sexan ignorados pola Administración do Concello.
- b) A comprobación da veracidade e exactitude das declaracións presentadas polos obrigados tributarios.
- c) A realización de actuacións de obtención de información relacionadas coa aplicación dos tributos, conforme co que se establece nos artigos 93 e 94 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.
- d) A práctica das liquidacións tributarias resultantes das súas actuacións de comprobación e investigación.
- e) A realización das intervencións tributarias de carácter permanente e non permanente, a iniciativa propia ou a requirimento dos órganos do Concello ou doutras administracións, reguladas de forma específica ou, en defecto de regulación expresa, conforme os artigos 141 a 159 da Lei 58/2003 xeral tributaria.

2. Agás o disposto expresamente no presente capítulo así como no título IV desta Ordenanza fiscal xeral, o procedemento e actuacións da Inspección Tributaria do Concello axeitaranse ao que se dispón nos artigos 141 a 159 da Lei 58/2003 xeral tributaria.

3. As funcións antes citadas, poderán ser desenvoltas polo Departamento de Xestión Tributaria.

ARTIGO 71.- FACULTADES DA INSPECCIÓN

1. A Inspección de Tributos poderá entrar nas fincas, locais de negocio e demais establecementos ou lugares nos que se desenvolvan actividades ou explotacións sometidas a gravame, existan bens suxeitos a tributación ou ben se produzan feitos imposíbles ou exista algunha proba destes, sempre que o xulgue conveniente para a práctica de calquera actuación e, en particular, para recoñecer os bens, os despachos, as instalacións ou as explotacións do interesado, e practicaranse cantas actuacións probatorias conexas sexan necesarias.

2. Cando no exercicio das súas actuacións, sexa necesario entrar no domicilio constitucionalmente protexido do obrigado tributario deberá obterse o consentimento daquel ou a oportuna autorización xudicial.

3. As funcións e as actuacións facúltanse á Xestión Tributaria.

ARTIGO 72.- LUGAR DAS ACTUACIÓNS INSPECTORAS

1. As actuacións inspectoras poderán desenvolverse indistintamente:



- a) No lugar onde o obrigado tributario teña o seu domicilio fiscal, ou naquel onde o seu representante teña o seu domicilio, despacho ou oficina.
 - b) No lugar onde se realicen total ou parcialmente as actividades gravadas.
 - c) Onde exista algunha proba do feito impositivo.
 - d) Nas oficinas do Concello, cando os elementos sobre os que se deban realizar as actuacións poidan ser examinados nelas.
2. A Inspección de Tributos poderá comparecer sen previa comunicación nas empresas, oficinas e instalacións do obrigado tributario, entendéndose as actuacións con este ou co encargado ou responsables dos locais.
3. Cando a Inspección de Tributos actúe nas súas dependencias ou noutras oficinas públicas, farao dentro do horario oficial de apertura ao público destas e, en todo caso, dentro da xornada de traballo vixente.
- Se a Inspección actúa nos locais do interesado, observarase a xornada laboral da oficina ou da actividade que rexa nestes, agás que as circunstancias das actuacións esixan actuar fóra dos días e das horas que se sinalaran.

ARTIGO 73.- ACTUACIÓNS DA INSPECCIÓN

- 1. O procedemento de inspección iníciase:
 - a) De oficio.
 - b) A petición do obrigado tributario nos termos que se establecen no artigo 149 da Lei 58/2003 xeral tributaria.
- 2. As actuacións da Inspección documentaranse en:
 - comunicacións
 - dilixencias
 - informes e actas.
- 3. As actas son os documentos públicos que estende a Inspección dos tributos co fin de recoller o resultado das actuacións inspectoras de comprobación e investigación, propoñendo a regularización que estime procedente da situación tributaria do obrigado ou declarando correcta a mesma.
- 4. As actas de inspección poden ser con acordo, de conformidade ou de desconformidade.

ARTIGO 74.- RECURSOS CONTRA LIQUIDACIÓNS DERIVADAS DE ACTAS

- 1. Os obrigados tributarios poderán interpoñer recurso económico-administrativo ou potestativo de reposición no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de notificación das liquidacións derivadas de actas de conformidade e desconformidade. Entenderase producida a notificación, no caso de acta de conformidade, de non existir notificación de liquidación, transcorrido un mes desde a data da acta.
- Non poderá impugnarse a liquidación e a sanción derivadas dunha acta de acordo agás no suposto de nulidade ou existencia de vicios de consentimento.
- 2. Calquera reclamación formulada contra a liquidación practicada nas actas de acordo ás que se dese conformidade e que, en consecuencia, a sanción fose obxecto das reducións previstas no art. 188 da Lei 58/2003 xeral tributaria, dará lugar á esixencia do importe da redución sen máis requisitos que a notificación ao interesado.

CAPÍTULO. V PROCEDEMENTO DE RECADACIÓN

DISPOSICIÓNS XERAIS

ARTIGO 75.- FASES DA RECADACIÓN TRIBUTARIA



1. A recadación tributaria consiste no exercicio das funcións administrativas conducentes ao cobro das débedas tributarias e demais de dereito público municipais, que realizase directamente o Concello, con este fin creouse a Oficina de Recadación.
Corresponden á Tesoureira municipal, á xefatura e ás competencias que lle atribúe o Real decreto 1174/1987, do 18 de setembro.
2. A recadación das débedas tributarias poderá realizarse:
 - a) En período voluntario, mediante o pagamento nos prazos previstos no artigo 37 da presente ordenanza.
 - b) En período executivo, mediante o pagamento espontáneo do obrigado tributario coas recargas establecidas no artigo 35 ou, no seu defecto a través do procedemento administrativo de constrinximento.
3. O relativo ás formas de pagamento, recargas, medios de pagamento, domiciliacións, xustificantes de pagamento, aprazamentos e fraccionamentos, garantías para aprazamentos, a súa tramitación, cálculo de xuros e efectos da falta de pagamento de débedas aprazadas figura regulado na presente ordenanza no Título II, Capítulo IV relativo á DÉBEDA TRIBUTARIA.
4. O período executivo iniciárase:
 - a) Para as débedas liquidadas pola Administración tributaria do Concello, o día seguinte ao vencemento do prazo regulamentario establecido para o seu pagamento voluntario no artigo 62 da Lei 58/2003 e artigo 37 da presente ordenanza.
 - b) No caso de débedas que hai que ingresar mediante autoliquidación presentada, sen realizar o ingreso, o día seguinte da finalización do prazo que establece a Ordenanza fiscal correspondente, ou se este xa estivese concluído, o día seguinte da presentación da autoliquidación.
5. A presentación dunha solicitude de aprazamento, fraccionamento ou compensación en período voluntario impedirá o inicio do período executivo durante a tramitación de ditos expedientes pero non a percepción de xuros de mora.
6. A interposición dun recurso ou reclamación non impedirá o inicio do período executivo agás que aquel sexa contra unha sanción. Neste último caso, o período executivo comezará cando a sanción sexa firme en vía administrativa.

ARTIGO 76.- SUSPENSIÓN DE COBRANZA

1. O procedemento de constrinximento iniciárase de oficio mediante providencia notificada ao obrigado tributario e impulsárase de oficio. Unha vez iniciado só se suspenderá nos casos previstos nos parágrafos que seguen.
2. A cobranza dunha débeda tributaria quedará suspendida automaticamente a instancia do interesado, estea en período voluntario ou executivo, se se garante o importe da débeda, os xuros de mora que xere a suspensión e as recargas que poderán proceder no momento da solicitude de suspensión. En particular, se a débeda estivese en procedemento de constrinximento, a garantía consistirá en aval solidario de banco ou caixa de aforros por tempo indefinido e por cantidade que cubra a débeda inicial certificada de constrinximento e un 25% máis.
3. Se a impugnación afecta a unha sanción tributaria, a súa execución quedará suspendida automaticamente sen necesidade de achegar garantías.
4. O procedemento de constrinximento suspenderase de forma automática sen necesidade de prestar garantía, cando o interesado demostre terse producido erro material, aritmético ou feito de feito na determinación da débeda, que esta fose ingresada, condonada, compensada, aprazada ou suspendida ou que tivese prescrito o dereito a esixir o pagamento.
5. Igualmente, poderá suspenderse o procedemento de recadación en supostos previstos expresamente en normas legais ou regulamentarias que fosen de aplicación.

ARTIGO 77.- PROVIDENCIA DE CONSTRINXIMENTO



1. A providencia de constrinximento é TÍTULO suficiente para iniciar o procedemento de constrinximento e terá a mesma forza executiva que a sentenza xudicial para proceder contra os bens e dereitos dos obrigados tributarios e será expedida pola tesoureira municipal, en base á certificación das débedas que realice a interventora municipal.
2. A providencia de constrinximento notificarase ao debedor, identificando a débeda pendente e liquidando as recargas de constrinximento reducido e ordinario previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 e requirirá ao obrigado para que efectúe o pagamento.
3. Contra a providencia de constrinximento só serán admisibles os seguintes motivos de oposición:
 - a) Extinción total da débeda mediante o seu pagamento ou prescrición do dereito a esixir aquel.
 - b) Solicitude de aprazamento, fraccionamento ou compensación en período voluntario e outras causas de suspensión do procedemento de recadación.
 - c) Falta de notificación da liquidación.
 - d) Anulación da liquidación.
 - e) Erro ou omisión no contido da providencia de constrinximento que impida a identificación do debedor ou da débeda apremada.
4. Os prazos para efectuar o pagamento da débeda constrinxida serán os seguintes:
 - Se a providencia de constrinximento se notifica entre os días 1 e 15 de cada mes, ata o 20 do dito mes e se non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.
 - Se a providencia de constrinximento se notifica entre o 15 e o último de mes, ata o 5 do mes seguinte e se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

ARTIGO 78.- EMBARGO

1. De non efectuarse o pagamento nos ditos prazos, procederase ao embargo dos bens e dereitos do obrigado tributario en contía suficiente para cubrir:
 - a) O importe da débeda non ingresada.
 - b) Os xuros percibidos ou que se perciban ata a data de ingreso na recadación municipal.
 - c) As recargas do período executivo.
 - d) Os custos do procedemento de constrinximento.
2. Cada actuación de embargo documentarase en dilixencia, que se notificará á persoa coa que se entenda a dita actuación.
3. O procedemento de constrinximento remata:
 - a) Co pagamento das cantidades relacionadas no apartado 1 deste artigo.
 - b) Con acordo que declare o crédito total ou parcialmente incobrable, unha vez declarados errados todos os obrigados ao pagamento.
 - c) Co acordo de ter sido extinguida a débeda por outra causa
4. Nos casos en que se declare o crédito incobrable, o procedemento de constrinximento continuarase dentro do prazo de prescrición, cando se teña coñecemento da solvencia dalgún obrigado o pagamento.
5. No embargo de bens e dereitos, respectarase sempre o principio de proporcionalidade, de acordo co procedemento previsto nos artigos 169 a 172 da Lei 58/2003 e demais normas de desenvolvemento.
6. Non se embargarán os bens e dereitos declarados inembargables con carácter xeral polas leis nin aqueles de cuxa realización se presuma que resultaría froito insuficiente para a cobertura do custo da realización.

ARTIGO 79.- PROCEDEMENTO DE CONSTRINXIMENTO

O procedemento de constrinximento levarase a cabo na forma sinalada no Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por Real decreto 939/2005, de 9 de xullo, e nos artigos 166 ao 177 da Lei 58/2003, coas seguintes particularidades:



- Xuros de mora: O cálculo e o pagamento dos xuros de mora, efectuarase no momento de facer efectiva a débeda apremada e xunto con esta. Non se practicará liquidación independente, por xuros de mora, cando a cantidade resultante por este concepto non exceda de 6,00 €, sendo esixibles nos demais casos de conformidade co previsto na Lei Xeral Tributaria.

- Anulación de débedas: Conforme se autoriza no artigo 43.1 da Lei xeral orzamentaria, anularanse e serán baixa en contabilidade as débedas integradas nun expediente executivo no que o importe total, excluído a recarga de constrinximento, non exceda de 30,05 €, sempre que se acredite que non se pode compensar a débeda, ben por non existiren créditos recoñecidos por acto administrativo firme da Facenda municipal a favor do mesmo suxeito pasivo, ben por estar endosado o crédito a favor dun terceiro con coñecemento do Servicio de Contabilidade municipal. Será, así mesmo, preciso probar que o debedor resultou descoñecido no domicilio que figura no título executivo correspondente ou en calquera outro domicilio coñecido pola Recadación municipal.

- Custas: Terán a consideración de custas do procedemento de constrinximento aqueles gastos que se orixinen durante o seu desenvolvemento. As custas serán por conta do debedor a quen lle serán esixidas.

Como custas do procedemento estarán comprendidas, entre outras, as seguintes:

- a) Os gastos orixinados polas notificacións que imprescindiblemente tivesen que realizarse no procedemento administrativo de constrinximento.
- b) Os honorarios de empresas e profesionais, alleos á Administración, que interveñan na valoración dos bens trabados.
- c) Os honorarios dos rexistradores e outros gastos que tivesen que aboarse polas actuacións nos rexistros públicos.
- d) Os gastos motivados polo depósito e pola administración dos bens embargados.
- e) Os demais gastos que esixa a propia execución.

- Valoracións: En relación ao disposto no artigo 139 do Regulamento Xeral de Recadación, debe entenderse:

- a) Se a diferenza entre as sumas dos valores asignados aos bens pola Administración e o obrigado ou o pagamento excedesen do 20 por 100, emprazarase ao debedor para que compareza na sede de Recadación no prazo de 10 días hábiles para dirimir a diferenza de valoración e, se se logra acordo, considerarase como valor do ben embargado ou alcanzado no dito acordo.
- b) O interesado que non compareza en tal prazo debe considerar decaído o seu dereito no referido trámite e por non existir acordo entre as partes, o Recadador solicitará a nova valoración por perito adecuado, tal como se establece no artigo 139.4 do Regulamento xeral de recadación.

ARTIGO 80.- A MESA DE POXA

1. A mesa de poxa estará composta pola tesoureira municipal, que será a presidenta, pola interventora, polo xefe da Oficina de Recadación e por un funcionario que para tal efecto designe o alcalde, que actuará como secretario. Todos poderán ser substituídos.
2. As poxas de bens embargados anunciaranse en todo caso no taboleiro de edictos da Oficina de Facenda e do Concello e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. Cando o tipo supere a cifra de 300.000 €, anunciarase no Boletín Oficial do Estado.
3. O xefe da Oficina de Recadación poderá acordar a publicación do anuncio de poxa en medios de comunicación de gran difusión e en publicacións especializadas cando, o seu xuízo, resulte conveniente e o custo da publicación sexa proporcionado co valor dos bens.
4. Nas poxas de bens, o tempo de constituír depósitos ante a Mesa será, en primeira e segunda licitación, de media hora antes da celebración destas. Estes prazos poderán ampliarse, discrecionalmente, por acordo da Mesa, no tempo necesario para que os licitadores poidan constituír os depósitos regulamentarios.
5. Cando se estean a allear varios bens ou lotes, a Mesa indicará aos licitadores que poden concorrer a licitación de calquera ben ou lote posterior a aquel que sinalen como preferente,



sempre que non resulten adxudicatarios del. Neste suposto, o importe do depósito ascenderá o 20 por cento do ben ou do lote de maior tipo de poxa. No suposto de que resulten adxudicatarios de calquera ben ou lote neste suposto, quedarán automaticamente excluídos da concorrência as posteriores.

6. Os licitadores poderán enviar ou presentar as súas ofertas en sobre pechado, desde o anuncio da poxa ata unha hora antes do comezo desta. As ditas ofertas, que terán o carácter de máximas, serán rexistradas nun libro que para tal efecto se levará na Oficina de Recadación municipal. Tales ofertas deberán ir acompañadas de cheque conformado expedido a favor do Concello de Oleiros polo importe do depósito, que será, como mínimo do 20 por cento do tipo de licitación.

7. Os cheques serán ingresados na conta que designe a tesoureira e devolveranse os importes depositados aos licitadores non adxudicatarios unha vez concluída a poxa. A materialización de tal devolución efectuarase mediante transferencia bancaria á conta que facilite a persoa interesada.

8. No suposto de que antes da realización da poxa, algún licitador que presentase a súa oferta en sobre pechado, manifeste por escrito a súa vontade de non concorrer á licitación, devolverase o depósito nas condicións establecidas no número anterior.

9. No suposto de concorrência de varias ofertas en sobre pechado, empezará a admisión de posturas a partir da segunda máis alta daquelas, e será adxudicada a postura máis alta polo tramo superior á segunda no caso de non existiren outras ofertas.

10. Cando a Mesa teña que substituír os licitadores en sobre pechado, puxará por eles, sen sobrepasar o límite máximo ou fixado na súa oferta.

11. A poxa realizarase con suxeición aos seguintes criterios;

a) En primeira licitación, o tipo aplicable será o resultado de aplicar a valoración asignada aos inmobles que se van allear. En caso de existir cargas que accederán o rexistro con anterioridade, servirá de tipo para a poxa a diferenza entre o valor asignado e o importe destas cargas, que deberán quedar subsistente sen aplicar a súa extinción ao prezo do remate. En caso de que as cargas preferentes absorban ou excedan o valor asignado os bens inmobles, o tipo será o correspondente o importe dos débitos e custas, salvo que estes sexan superiores ao valor do ben, en cuxo caso o tipo da poxa será o dito valor.

b) En segunda licitación, o tipo aplicable será o 75 por cento do anterior.

c) En caso de que as poxas en primeira e en segunda licitación resultasen desertas ou, cos bens adxudicados non se cobrará a débeda e quedarán bens por allear, continuarase o procedemento co anuncio da venda directa destes bens, que hai que xestionar durante o prazo de seis meses contados desde a data da realización da poxa. Non obstante, a Mesa de poxa poderá acordar a adxudicación dos bens, antes da finalización deste prazo, cando polas características dos bens considere que poderían perder valor de mercado polo transcurso do tempo e que algunha das ofertas presentadas é vantaxosa economicamente.

12. Cando os bens fosen obxecto de poxa cunha soa licitación, o prezo mínimo de adxudicación directa será o tipo de poxa na dita licitación.

Cando se realizan dúas licitacións en poxa, non existirá prezo mínimo de adxudicación directa. Non obstante, se a Mesa de poxa estimase desproporcionada a diferenza entre o valor asignado aos bens por taxación e o prezo ofrecido por calquera persoa interesada, co fin de non favorecer o enriquecemento inxusto do comprador en detrimento do propietario dos bens, poderá declarar inadmisíbel a oferta, non accedendo á formalización da venda.

14. Só para efectos indicativos, fíxase o 33,5 por cento do tipo da primeira licitación como oferta admisible nas vendas por xestión directa cando resultasen desertas as poxas en primeira e segunda licitación.

A POTESTADE SANCIONADORA

CAPÍTULO I PRINCIPIOS DA POTESTADE SANCIONADORA EN MATERIA TRIBUTARIA

ARTIGO 81.- SUXEITOS INFRACTORES

1. Son infraccións tributarias as accións ou omisións dolosas ou culposas con calquera grao de negligencia que estean tipificadas e sancionadas na Lei 58/2003 xeral tributaria ou noutra lei.
2. Serán suxeitos infractores as persoas físicas ou xurídicas e as entidades mencionadas no artigo 19 da presente ordenanza que realicen as accións ou omisións tipificadas como infraccións nas leis, e en particular os seguintes:
 - a) Os contribuíntes e os substitutos dos contribuíntes.
 - b) Os obrigados a realizar ingresos a conta.
 - c) Os obrigados ao cumprimento de obrigas tributarias formais.
 - d) A sociedade dominante en réxime de consolidación fiscal.
 - e) O representante legal dos suxeitos obrigados que carezan de capacidade de obrar na orde tributaria.
3. O suxeito infractor terá a consideración de debedor principal a efectos de declaración de responsabilidades.
4. As accións ou omisións tipificadas nas leis non darán lugar a responsabilidade por infracción tributaria nos seguintes supostos:
 - a) Cando se realicen por quen careza de capacidade de obrar no ámbito tributario.
 - b) Cando concorra forza maior.
 - c) Cando derivan dunha decisión colectiva para quen tivesen salvado o seu voto ou non asistise á reunión na que se tomou esta.
 - d) Cando se tivese posto a dilixencia necesaria no cumprimento das obrigas e deberes tributarios. En particular, entenderase que se puxo a dilixencia necesaria cando o contribuínte tivese presentado unha declaración veraz e completa e practicase, se é o caso, a correspondente autoliquidación, amparándose nunha interpretación razoable da norma.
 - e) Cando sexan imputables á deficiencias técnicas de programas informáticos de asistencia facultados pola Administración tributaria.

ARTIGO 82.- TRAMITACIÓN DE EXPEDIENTES SANCIONADORES

1. Os expedientes sancionadores iniciaranse mediante moción ou proposta motivada do funcionario competente ou Unidade Administrativa na que se tramite o expediente de aplicación de los tributos correspondente, ou a través de actas e dilixencias da Inspección dos Tributos.
2. Os expedientes sancionadores unha vez tramitados, elevaranse á Alcaldía coa proposta de resolución que proceda.

CAPÍTULO II DISPOSICIÓN XERAIS SOBRE INFRACCIÓNS E SANCIÓN TRIBUTARIAS

ARTIGO 83.- CLASES DE INFRACCIÓN TRIBUTARIAS

1. As infraccións tributarias clasifícanse en leves, graves e moi graves segundo o que segue:



a) Deixar de ingresar a débeda tributaria que deberá resultar dunha autoliquidación.

- Será infracción leve cando a base da sanción sexa inferior ou igual a 3.000 € ou, sendo superior, non exista ocultación.

A sanción consistirá en multa proporcional do 50%.

- Será infracción grave cando a base da sanción sexa superior a 3.000 € e exista ocultación.

A sanción consistirá en multa proporcional do 50% ao 100% e graduarase incrementando a porcentaxe mínima conforme aos criterios de comisión repetida de infraccións tributarias e prexuízo económico para a Facenda do Concello.

- Será infracción moi grave cando se utilizasen medios fraudulentos.

A sanción consistirá en multa do 100 ao 150% e graduarase incrementando a porcentaxe mínima conforme aos criterios de comisión repetida de infraccións tributarias e prexuízo económico para a Facenda do Concello.

b) Incumprir a obriga de presentar de forma completa e correcta as declaracións ou os documentos necesarios para practicar liquidacións.

- Será infracción leve cando a base da sanción sexa inferior ou igual a 3.000 euros ou, sendo superior, non exista ocultación.

A sanción consistirá en multa proporcional do 50%.

- Será infracción grave cando a base da sanción sexa superior a 3000 € e exista ocultación.

A sanción consistirá en multa proporcional do 50 ao 100% e graduarase incrementando a porcentaxe mínima conforme aos criterios de comisión repetida de infraccións tributarias e prexuízo económico para a Facenda municipal.

- Será infracción moi grave cando se tivesen utilizado medios fraudulentos.

A sanción será multa proporcional do 100 ao 150% e graduarase incrementando a porcentaxe mínima conforme aos criterios de comisión repetida de infraccións tributarias e prexuízo económico para a Facenda municipal.

c) Solicitar indebidamente, devolucións, beneficios ou incentivos fiscais.

- Constitúe infracción tributaria solicitar indebidamente devolucións derivadas da normativa de cada tributo mediante a omisión de datos relevantes ou a inclusión de datos falsos en autoliquidacións, comunicacións ou solicitudes, aínda que as devolucións non se obtivesen.

Esta infracción será sempre grave. A sanción consistirá en multa proporcional do 15% da cantidade indebidamente solicitada.

- Se a infracción consiste en solicitar indebidamente beneficios fiscais e non fose sancionable por outra infracción, sancionarase con multa fixa de 300 €.

d) Non presentar en prazo autoliquidacións ou declaracións sen que se produza prexuízo económico.

Será infracción leve, sen prexuízo das especialidades reguladas no artigo 198 da Lei 58/2003 xeral tributaria.

A sanción será multa fixa de 200 €. Se se tratase de declaracións censais, comunicación da designación de representante de persoas ou entidades cando así o estableza a normativa, a multa será de 400 €.

e) Non comunicar o domicilio fiscal ou o cambio deste polas persoas que non realicen actividades económicas.

Será infracción leve.

A sanción consistirá en multa fixa 100 €.

f) Presentar incorrectamente autoliquidacións ou declaracións sen que se produza prexuízo económico.

Será infracción grave.

A sanción será de 150 € no caso de autoliquidacións ou declaracións incompletas, inexactas ou con datos falsos e, 250 €, no caso de declaracións censais incompletas, inexactas ou con datos falsos.



g) Contestar de forma inexacta os requirimentos individualizados de información previstos no artigo 54 da presente ordenanza.

Será infracción grave.

A sanción será a establecida no artigo 199 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.

h) Incumprir as obrigas relativas á utilización do número de identificación fiscal.

Será infracción leve.

A sanción consistirá en multa fixa de 150 €.

i) Resistencia, obstrución, escusa ou negativa ás actuacións da Administración tributaria.

Entenderase producida esta circunstancia cando o suxeito infractor, debidamente notificado ao efecto, teña realizado actuacións tendentes a dilatar, entorpecer ou impedir as actuacións da Administración tributaria en relación co cumprimento das súas obrigas.

Será infracción grave.

As sancións serán as previstas no artigo 203 da Lei 58/2003 xeral tributaria.

j) Outras infraccións reguladas na Lei 58/2003 xeral tributaria ou noutra norma legal.

Serán clasificadas e sancionadas conforme as citadas normas legais.

ARTIGO 84.- CRITERIOS DE GRADACIÓN

De resultaren aplicables os criterios de gradación aludidos no artigo precedente, aqueles aplicaranse conforme o disposto no artigo 187 da Lei 58/2003 xeral tributaria.

Igualmente, aplicarase o criterio de acordo ou conformidade do interesado conforme os artigos 187 e 188 da citada lei. Este criterio implicará a redución do 50% nas sancións en actas con acordo. En actas con conformidade as reducións poderán ser do 30% máis un 25% sobre a sanción reducida nos termos regulados no citado artigo 188, en actas con conformidade.

ARTIGO 85.- PROCEDIMENTO SANCIONADOR EN MATERIA TRIBUTARIA

1. O procedemento sancionador en materia tributaria tramitarase de forma separada aos de aplicación dos tributos, agás renuncia do obrigado tributario. Neste caso tramitarase conxuntamente.

2. O procedemento sancionador en materia tributaria iniciárase sempre de oficio, mediante a notificación do acordo do órgano competente.

3. Na instrución do procedemento sancionador serán de aplicación as normas especiais sobre o desenvolvemento das actuacións e dos procedementos tributarios a que se refire o artigo 99 da Lei 58/2003 xeral tributaria.

4. O procedemento sancionador en materia tributaria terminará mediante resolución ou por caducidade. Previamente, a proposta de resolución será notificada ao interesado concretando a sanción proposta con indicación dos criterios de gradación e a súa motivación, indicándolle a posta de manifesto do expediente e concedéndolle un prazo de 15 días para alegacións.

5. O acto de resolución do procedemento sancionador poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ou recurso potestativo de reposición coas especificidades reguladas no artigo 212 da Lei 58/2003 xeral tributaria.

6. Cando nun mesmo procedemento de aplicación dos tributos se comproben varios períodos impositivos ou de liquidación, considerarase, para os efectos da súa cualificación, que existe unha infracción en relación con cada un dos distintos supostos de infracción tipificados pola lei, por cada tributo e período obxecto do procedemento.

7. En particular, nos tributos de cobro periódico por recibos entenderase que existen tantas infraccións independentes das tipificadas no artigo 192 da Lei 58/2003, como percepcións se produzan sen que o suxeito pasivo cumprise a obriga de presentar de forma completa e correcta as declaracións ou os documentos necesarios para que a Administración poida practicar a axeitada liquidación.

8. Cando en relación cun tributo e período impositivo ou de liquidación incoase máis dun procedemento de aplicación dos tributos, considerarase, para os efectos da súa cualificación e da



súa cuantificación, que se cometeu unha única infracción. Nestes supostos, en cada procedemento sancionador que se incoe imponse a sanción que procedese de mediar un só procedemento de aplicación dos tributos, minorada no importe das sancións impostas nos procedementos sancionadores anteriores.

O disposto no parágrafo anterior será de aplicación igualmente aos tributos sen período impositivo nin período de liquidación cando en relación coa mesma obriga tributaria incóese máis dun procedemento de aplicación dos tributos.

9. O órgano competente para a imposición de sancións tributarias, no caso de multas pecuniarias fixas ou proporcionais, será o alcalde ou o/a tenente de alcalde en quen delegue a citada competencia.

TÍTULO V REVISIÓN EN VÍA ADMINISTRATIVA

CAPÍTULO I MEDIOS E PROCEDEMENTOS DE REVISIÓN

ARTIGO 86.- MEDIOS DE REVISIÓN

1. Os actos e actuacións de aplicación dos tributos e os actos de imposición de sancións tributarias poderán revisarse mediante:

- a) Procedementos especiais de revisión.
- b) Recurso potestativo de reposición.
- c) Reclamación económico administrativa.

2. Cando fosen confirmados por sentenza xudicial firme, non serán revisables en ningún caso os actos de aplicación dos tributos e de imposición de sancións nin as resolucións de reclamacións económico-administrativas/contencioso-administrativas.

CAPÍTULO II PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE REVISIÓN

ARTIGO 87.- CLASES DE PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE REVISIÓN

Son procedementos especiais de revisión os de:

- a) Revisión de actos nulos de pleno dereito.
- b) Declaración de lesividade de actos anulables.
- c) Revogación.
- d) Rectificación de erros.
- e) Devolución de ingresos indebidos.

ARTIGO 88.- DECLARACIÓNS DE NULIDADE E LESIVIDADE

1. Corresponderalle á Xunta de Goberno a declaración de nulidade de pleno dereito así como a declaración de lesividade para o interese público os actos ditados en materia tributaria, nos supostos e conforme ao procedemento establecido nos artigos 217 e 218 da Lei 58/2003 xeral tributaria.

ARTIGO 89.- REVOGACIÓN DE ACTOS DE APLICACIÓN DOS TRIBUTOS E DE IMPOSICIÓN DE SANCIONES

1. O Concello poderá revocar os seus actos en beneficio dos interesados cando se estime que infrinxen manifestamente a lei, cando circunstancias sobrevindas que afecten a unha situación xurídica particular poña de manifesto a improcedencia do acto ditado, ou cando na tramitación do procedemento se tivese producido indefensión aos interesados.
2. A revogación non poderá constituír, en ningún caso, dispensa ou exención non permitida polas normas tributarias, nin ser contraria ao principio de igualdade, ao interese público ou ao ordenamento xurídico.
3. A revogación só será posible mentres non transcorrese o prazo de prescrición.
4. O procedemento de revogación iniciárase sempre de oficio e será competente para declaralo á Xunta de Goberno.

ARTIGO 90.- RECTIFICACIÓN DE ERROS

1. O Concello rectificará en calquera momento, de oficio ou a instancia do interesado, os erros materiais, de feito ou aritméticos sempre que non tivese transcorrido o prazo de prescrición.

ARTIGO 91.- DEVOLUCIÓN DE INGRESOS INDEBIDOS

1. O procedemento para o recoñecemento do dereito á devolución de ingresos indebidos iniciárase de oficio ou a instancia do interesado, nos seguintes supostos:
 - a) Cando se tivera producido duplicidade no pagamento.
 - b) Cando a cantidade pagada fose superior á que resulta dun acto administrativo ou dunha autoliquidación.
 - c) Cando se ingresaran cantidades correspondentes a débedas ou sancións tributarias despois de transcorridos os prazos de prescrición.
 - d) Noutros supostos establecidos en normas legais ou nas Ordenanzas fiscais do Concello.
2. Cando o dereito á devolución fose recoñecido en virtude de acto administrativo de liquidación ou resolución económico-administrativa ou xudicial, así como por resolucións dos expedientes aludidos no apartado 1 deste artigo, procederase a execución da devolución.
3. O procedemento para a devolución de ingresos indebidos a instancia do interesado axustarase, ao seguinte:
 - a) O solicitante deberá achegar á súa solicitude, o documento orixinal ou unha copia compulsada, que acredite que a cantidade tivo ingreso na Caixa municipal.
 - b) Deberá consignar na súa solicitude un número de conta bancaria completo a fin de proceder a realizar a eventual devolución a través de transferencia bancaria.
4. Cando un obrigado tributario considere que a presentación dunha autoliquidación dese lugar a un ingreso indebido, deberá instar a rectificación da autoliquidación.
Neste caso a Administración tributaria do Concello aprobará a correspondente liquidación provisional, o recoñecemento ou non do ingreso indebido e a conseguinte devolución.

ARTIGO 92.- DEVOLUCIÓN DE OFICIO

1. Se na resolución dun recurso ou dunha reclamación se declara un ingreso indebido ou se condona unha multa xa pagada, acordarase de oficio a devolución do seu importe logo de achegar o correspondente xustificante do seu ingreso en arcas municipais.

ARTIGO 93.- RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN

1. Contra os actos de xestión, liquidación, recadación e inspección, así como de imposición de sancións tributarias, ditados pola Administración tributaria do Concello poderán ser obxecto de recurso potestativo de reposición diante do órgano que ditou o acto, e con carácter previo á reclamación contencioso-administrativa.

2. O prazo para interpoñer o recurso postestativo de reposición será dun mes contado a partir do día seguinte á notificación do acto impugnado ou do seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tratándose de débedas incluídas en padróns de cobro periódico e de notificación colectiva o prazo contarase a partir da finalización do período voluntario de pagamento.

3. O recurso de reposición rexerase polo disposto no parágrafo 2 do artigo 14 do Real decreto legislativo 2/2004 , de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, así como o Real decreto 520/2005, do 13 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003, xeral tributaria, en materia de revisión en vía administrativa.

4. A interposición do recurso, non suspende a execución do acto agás que se garanta o importe total, os xuros de mora e as recargas.

5. Non se admitirán outras garantías que as seguintes, a elección do reclamante:

- a) Depósito en diñeiro efectivo ou en valores públicos na caixa xeral de depósitos ou nas súas sucursais ou, no seu caso, no concello.
- b) Aval ou fianza de carácter solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou certificado de seguro de caución prestado por banco ou banqueiro rexistrado oficialmente por unha Caixa de Aforros Confederada, Caixa Postal de Aforros ou Cooperativa de crédito cualificada.
- c) Fianza provisional e solidaria prestada por dous contribuíntes do municipio de recoñecida solvencia, só para débedas inferiores a 601,01 €.

6. En casos moi cualificados e excepcionais, o Concello poderá acordar, a instancia de parte, debidamente motivado o acordo, a suspensión do procedemento cobratorio sen prestación de garantía ningunha, cando o reclamante alegase e xustifícase na súa solicitude a imposibilidade de prestala ou demostre de maneira indubidable a existencia de erros materiais ou aritméticos nos actos sobre aplicación e efectividade de tributos.

7. É competencia do alcalde ou do/da tenente de alcalde en quen delegue, a resolución dos recursos de reposición

8. Posta de manifesto do expediente: Conforme o artigo 24 do Real decreto 520/2005, o contribuínte que solicite cubrir este trámite deberá realizalo desde o día seguinte ao que se lle notifica o acto e antes de que transcorra o prazo de interposición do recurso de reposición. O contribuínte, no escrito de solicitude da vista do expedientes, deberá especificar as actuacións concretas que solicita para o seu exame sempre que estean estritamente relacionadas co acto obxecto de impugnación, e deberá determinar con claridade os valores concretos que poden ser obxecto da futura reclamación.

Unha vez presentado o escrito de interposición de recurso, o contribuínte non poderá exercer o dereito de examinar o expediente para efectos de formular alegacións.



No caso de solicitar cubrir este trámite de vista, unha vez transcorrido o prazo de interposición do correspondente recurso, a Administración denegará a solicitude presentada mediante a notificación da correspondente resolución debidamente motivada.

O expediente mostrarase só e exclusivamente sobre as actuacións estritamente relacionadas co acto que se pretende impugnar.

O lugar e a forma de desenvolver este trámite nas dependencias municipais, atoparase sometido á potestade de autoorganización da Administración, sen prexuízo que, no desenvolvemento deste trámite, se teñan en conta as circunstancias que faciliten e favorezan a cobertura deste por parte do contribuínte.

TÍTULO VI
ENTIDADE XESTORA
E ENTIDADES COLABORADORAS
CAPÍTULO I
AUTORIZACIÓN

ARTIGO 94. Disposicións xerais

- 1.- O Concello de Oleiros poderá nomear unha entidade xestora para a recadación, a cal, en ningún caso terá carácter de Órgano de Recadación municipal.
- 2.- A entidade xestora será nomeada polo Concello respectando os principios de publicidade e concorrência.
- 3.- Son colaboradoras, na recadación, as entidades de depósito autorizadas para exercer a dita colaboración, as cales en ningún caso terán o carácter de órganos da recadación municipal.
- 4.- O desenvolvemento dos requisitos da autorización, o réxime das actuacións, o control e o seguimento e demais normas recóllense no título VI, artigos 95 ao 115 desta Ordenanza fiscal xeral.

ARTIGO 95

1. A entidade xestora será nomeada polo Concello respectando os principios de obxectividade, publicidade e concorrência.

2. As entidades de depósito (bancos, caixas de aforro e cooperativas de crédito) que desexen actuar como colaboradoras na xestión recadatoria da Facenda local solicitarán autorización do alcalde presidente do Concello.

Acompañarán unha memoria xustificativa da posibilidade e da aceptación de recoller en soporte informático a información das operacións que realicen como colaboradoras.

Na solicitude formulada faranse constar os seguintes datos:

- a) Datos identificativos da entidade e do domicilio a efectos de notificacións (clave bancaria, razón social, NIF).
- b) Número de oficinas con que conta a entidade así como a súa distribución xeográfica por provincias. Esta información presentarse mediante unha relación na que se indique para cada unha das oficinas o seu domicilio e a súa clave de oficina.
Se a entidade considera que algunha das súas oficinas debe quedar excluída, indicará aquelas que pretende exceptuar do servizo de colaboración.
- c) Así mesmo, indicarse a persoa nomeada pola entidade a efectos de relación co Departamento de Recadación e o número de teléfono ou fax da dita persoa, quedando obrigada a entidade a comunicar calquera variación neste sentido.



O Concello, a través dos seus órganos de recadación, poderá solicitar outra serie de informes que considere oportunos para valorar a conveniencia de conceder á entidade a condición de colaboradora.

Requirirase o informe previo á expedición do acordo, que emitirán o Departamento de Recadación e a Tesourería municipal na que se poderá aceptar ou non a petición e determinar a forma e as condicións da prestación do servizo.

O acordo notificarase á entidade peticionaria segundo establece a Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Previamente á iniciación do servizo, as Entidades peticionarias comunicarán ao Departamento de Recadación os seguintes extremos:

- a) Relación de todas as súas oficinas, o seu domicilio e a súa clave bancaria.
- b) Data de comezo da prestación do servizo, que en ningún caso poderá exceder de dous meses contados a partir do día do seu outorgamento.

A autorización concedida amparará a toda as oficinas da entidade coa excepción daquelas nas que a exclusión a comunicou a entidade na súa solicitude, sen que ante a apertura dunha oficina deba solicitar unha nova autorización.

As entidades colaboradoras comunicarán á Tesourería municipal a codificación das contas restrinxidas abertas.

As entidades colaboradoras deberán poñer en coñecemento da Tesourería municipal toda variación referente a altas e baixas das súas oficinas ben directamente ou mediante soportes informáticos. Ademais cada entidade colaboradora comunicará á Tesourería Municipal os cambios de denominación a que aquela se vexa sometida.

ARTIGO 96

Aquelas entidades que desexen cesar no servizo de colaboración o poñerán en coñecemento do Concello con, polo menos, un mes de antelación á finalización das operacións como entidade colaboradora.

CAPÍTULO II **RÉXIMEN DE ACTUACIÓN DA ENTIDADE XESTORA** **E DAS ENTIDADES COLABORADORAS**

ARTIGO 97

De acordo co Regulamento Xeral de Recadación, os debedores á Facenda Local deberán ingresar a través da entidade xestora ou entidade colaboradora as débedas seguintes:

- a) As que resulten de autoliquidacións ou declaracións-liquidacións formuladas nos modelos regulamentariamente establecidos.
- b) As notificadas aos obrigados ao pagamento como consecuencia de liquidacións practicadas pola Administración, tanto en período voluntario como en executivo.
- c) As débedas de cobro periódico e notificación colectiva, exacción que se realiza a través do recibo.
- d) Calquera outras que determine o Concello.

ARTIGO 98

Segundo dispón a normativa actualmente vixente, a entidade xestora e as entidades colaboradoras non poderán admitir os seguintes ingresos:

Cando o ingreso corresponda a liquidacións que previamente deban ser practicadas ou revisadas na Administración tributaria.

- b) Cando os documentos de ingreso fosen extraviados ou inutilizados ou non se posúan.
- c) Cando se trate de ingresos parciais.
- d) Cando se trate de ingresos procedentes do aprazamentos ou fraccionamentos de pagamentos, alleamentos, poxas e embargos de efectivo.
- e) Nos demais casos nos que así o estableza o Concello.

ARTIGO 99

A Tesourería Municipal deberá elevar ao Pleno do Concello a proposta de regulación do sistema integrado dos ingresos procedentes dos embargos de efectivo en contas abertas en entidades de depósito e do procedemento para a realización dos embargos de efectivo en contas bancarias.

ARTIGO 100

A entidade xestora e as entidades colaboradoras deberán admitir as autoliquidacións con solicitude de devolución cando así o estableza a normativa propia de cada tributo, só no caso de que se solicite a devolución mediante transferencia bancaria.

ARTIGO 101

A entidade xestora e as entidades colaboradoras procederán á apertura das seguintes contas restrinxidas de ingresos:

- a) “Concello de Oleiros. Conta restrinxida de colaboración na recadación de declaracións-liquidacións (autoliquidacións)”. Nesta conta recolleranse os ingresos que resulten de declaracións- liquidacións formuladas nos modelos regulamentariamente establecidos.
- b) “Concello de Oleiros. Conta restrinxida de colaboración na Recadación de recibos e liquidacións practicadas pola Administración”. Nesta conta recolleranse os ingresos derivados de liquidacións practicadas pola Administración en período voluntario e previamente notificadas aos suxeitos pasivos.

ARTIGO 102

A codificación das contas restrinxidas relacionadas no artigo anterior axustarase á establecida no sistema financeiro C.C.C. (Código Conta Cliente), coa seguinte estrutura:

- catro díxitos para o código da entidade
- catro díxitos para o código da oficina
- dous díxitos de control
- dez díxitos para o número de conta.

Asignarase a cada unha destas contas o número de identificación fiscal do Concello de Oleiros.

ARTIGO 103

En todo caso, e previamente a realizar calquera actuación de validación, a entidade xestora ou as entidades colaboradoras deberán:

- a) En caso de autoliquidacións, e sen prexuízo da normativa propia de cada tributo, esixir a consignación do NIF no documento correspondente. Comprobando a exactitude do indicado número mediante o exame do documento acreditativo que deberá ser exhibido por quen presente a autoliquidación, así como a consignación do nome e dos apelidos ou da razón social, e domicilio do obrigado ao pagamento.
- b) Comprobar a coincidencia exacta do importe do ingreso co que figura no “Total a ingresar” do documento de ingreso.

c) No caso de solicitude de devolución por transferencia ou pago domiciliado polo suxeito pasivo nas correspondentes entidades colaboradoras ou, no seu caso, na xestora, estas verificarán que a conta designada ao efecto é da súa titularidade e que está aberta na dita entidade.

Nos casos de ingresos, unha vez realizadas as actuacións de comprobación anteriormente sinaladas, a entidade recibirá o importe correspondente e estenderá no documento de ingreso a certificación mecánica por medio da impresión de máquina contable e selo da entidade sobre os seguintes datos: data de ingreso, total ingresado, clave da entidade e da oficina receptora, dando validez ao concepto do ingreso e que o ingreso se efectuou na conta restrinxida do Concello de Oleiros.

Excepcionalmente, a validación dos documentos poderá realizarse manualmente por sinatura autorizada e polo selo da entidade indicando así mesmo a data de ingreso. Nestes casos, os órganos de recadación poderán esixir a xustificación acreditativa das causas que impediron a validación por medios mecánicos.

Nos supostos de devolución por transferencia, a entidade xestora e as entidades colaboradoras, unha vez realizadas as actuacións de comprobación pertinentes, validarán adecuadamente os documentos. Sen prexuízo das posibles comprobacións polos órganos de recadación do Concello de Oleiros, esta validación acreditará a consignación ou veracidade, no seu caso, dos seguintes datos: data de presentación, importe da devolución solicitada, concepto tributario, titularidade da conta designada para efectuar a devolución, clave da entidade da oficina receptora.

Unha vez validados correctamente os documentos de ingreso ou devolución, a entidade devolverá o xustificante correspondente. No caso de ingreso, a entrega ao debedor do xustificante deste, liberarao desde a data que se consigne no xustificante e polo importe figurado, quedando desde ese momento obrigada a entidade ante a Facenda local.

ARTIGO 104

A entidade xestora e as entidades colaboradoras estarán obrigadas a materializar o ingreso na respectiva conta restrinxida na mesma data na que este se produza e que necesariamente coincidirá coa data de validación dos documentos de ingreso.

Ante circunstancias excepcionais, motivadas fundamentalmente por motivos técnicos (caída de liñas informáticas, conflitos laborais, festividades locais e outras causas de forza maior), a entidade colaboradora poderá efectuar as anotacións nas contas restrinxidas ata dous días hábiles despois do ingreso, sen prexuízo de que o ingreso na conta do Concello na entidade que designou este se realice en función da data que se consigne no xustificante de ingreso.

O xefe da Unidade de Recadación ou a tesoureira municipal poderán solicitar da entidade xestora e das entidades colaboradoras avances dos extractos das contas restrinxidas que deberán conter os datos seguintes:

- Data das operacións que coincidirá coa de validación dos documentos de ingreso.
- Importe das operacións correspondentes á devandita data.
- Identificación da sucursal.

ARTIGO 105

Cando se producen erros de imputación en contas, aboamentos duplicados ou de validación de documentos por importe distinto ao correcto e sempre que o devandito erro se detecte e emende antes de realizar o ingreso correspondente pola entidade na conta que o Concello indicou, a cal se designará por Resolución da Alcaldía no exercicio das facultades da delegación, actuarase do seguinte modo:

- a) Cando se producise unha imputación errónea en conta restrinxida anularase o asiento

mediante cargo pola mesma cantidade. De igual forma, actuarase no caso de anotacións duplicadas dun mesmo ingreso.

b) Cando o documento se validase por un importe distinto ao correcto, a entidade procederá a anular a dita validación en todo os exemplares do documento, realizando a continuación a validación polo importe correcto.

Neste caso, será responsabilidade da entidade colaboradora que o contribuínte non teña no seu poder exemplares do documento con validacións distintas as correctas.

En calquera caso, todas as incidencias recollidas neste punto deberán estar suficientemente xustificadas, cando así o requiran os órganos de recadación.

ARTIGO 106

No caso de que, excepcionalmente, a entidade xestora ou as entidades colaboradoras admitisen calquera ingreso dos non permitidos, actuará do seguinte modo:

- a) A entidade en ningún caso devolverá ao contribuínte o importe do ingreso.
- b) A entidade achegará no momento de presentar a documentación correspondente á semana na que se producise a irregularidade descrita xustificando a excepcionalidade da aceptación do documento acompañado de fotocopia deste para os efectos oportunos.

En caso de ingreso, a entidade deberá xustificar por escrito que o pagamento se produciu coa mesma data de operación que a consignada no documento.

CAPÍTULO III

PROCEDIMENTO XERAL DE INGRESO: COORDINACIÓN XESTORA-COLABORADORAS

ARTIGO 107

As datas de liquidación establécense no día 15 e último de cada mes ou día hábil inmediato anterior se algún dos establecidos fose festivo.

Quincenalmente, o sétimo dos días hábiles posteriores ás datas de liquidación, efectuarase o traspaso da recadación efectuada na quincena, da conta restrinxida á conta ordinaria indicada polo organismo para o que se recada.

Para tal efecto considéranse inhábiles os sábados. Así mesmo, calquera que sexa o número de días inhábiles o traspaso citado deberá efectuarse dentro do mes.

Cando o traspaso deba efectuarse a unha entidade xestora, as entidades colaboradoras realizaranlle o aboamento do total recadado no período, tendo en conta que, tanto as transferencias dos fondos como a presentación da información, realizaranse ás contas e enderezos que indicou para o efecto a entidade xestora.”

ARTIGO 108

Os ingresos instrumentaranse en mandamentos de ingreso, utilizando os modelos que para tal efecto aprobará o Concello.

Os ditos ingresos serán realizados mediante transferencia bancaria a favor do Concello de Oleiros e na conta designada e que lle será notificada pola Tesoureira.



ARTIGO 109

No caso de que, excepcionalmente existan diferenzas entre o importe ingresado pola entidade colaboradora e a que figura no soporte informática ou documentos, remitidos á entidade xestora, procederase do seguinte modo:

a) Cando o erro sexa imputable ao soporte: a entidade procederá a emendar os erros e notificar á xestora e á Administración tal corrección, coa xeración dun novo, con toda a información relativa ao período no que se produciu o erro.

b) Cando a Entidade ingresara na conta designada un importe superior ao correcto: Ao tempo de volver a presentar o soporte, a Entidade presentará a oportuna solicitude de devolución dirixida Departamento de Recadación.

Recibida a solicitude, e despois de efectuadas as oportunas comprobacións, tramitarase como unha devolución de ingresos indebidos.

c) Cando a entidade ingresara na conta designada un importe inferior ao correcto: dentro do prazo de dous días hábiles desde a detección do erro, a entidade ingresará a diferenza mediante o mandamento de ingreso complementario.

Posto que o ingreso complementario será efectuado fóra de prazo, posteriormente a Administración tributaria poderá liquidar os xuros de mora de acordo co previsto no Regulamento Xeral de Recadación.

CAPÍTULO IV ACHEGA DE INFORMACIÓN

ARTIGO 110

Coa información correspondente á liquidación de cada quincena e dentro dos 5 días hábiles seguintes á data de traspaso facilitarase un ficheiro informático co detalle individualizado de todos os tributos ou gravames recadados.

Cando a comunicación deba realizarse a unha entidade xestora, as entidades colaboradoras lle remitirán un único ficheiro axustado ás características descritas no Caderno 60 da serie de normas e procedementos bancarios.

Por outra parte, xunto co ficheiro, será necesario entregar unha listaxe resumo que conterá, como mínimo, o separación de totais de documentos e de importes. A entidade colaboradora conservará unha copia da listaxe resumo, co acuse de recibo cuberto pola entidade xestora, no que figurará a data de recepción.

ARTIGO 111

A información que a entidade xestora está obrigada a achegar á Administración tributaria será presentada polos procedementos que a continuación se detallan dependendo do tipo de ingreso do que se trate. Non se admitirá ningún pagamento que non sexa realizado en modelo normalizado polo Concello.

A información que deberá achegar a entidade xestora en relación coa conta restrinxida do artigo 101.a) AUTOLIQUIDACIÓNS, será a seguinte:

Un ficheiro en soporte informático, que conterá o detalle e as especificacións previstas nos cadernos 60 e/ou listaxe pola entidade das autoliquidacións xunto cunha copia da autoliquidación cobrada.



A información que deberá achegar a entidade xestora en relación coa conta restrinxida recollida no artigo 101.b) LIQUIDACIÓNS E RECIBOS, será a seguinte:

Un ficheiro en soporte informático, que conterá o detalle e as especificacións previstas nos cadernos 60 do Consello Superior Bancario.

ARTIGO 112 Comunicación de domiciliacións

As ordes de domiciliación que se reciban na entidade xestora ou nas entidades colaboradoras, faranse chegar ao Departamento de Recadación que as incorporará á súa base de datos de domiciliacións.

Para iso poderá utilizarse a orde de domiciliación normalizada polo Consello Superior Bancario ou polo modelo propio do Concello de Oleiros.

CAPÍTULO V CONTROL E SEGUIMENTO DA ACTUACIÓN DA ENTIDADE XESTORA E DAS ENTIDADES COLABORADORAS

ARTIGO 113

O control da entidade xestora e das entidades colaboradoras levarase a cabo pola Tesourería municipal.

Para tal efecto o alcalde, a proposta da Tesourería municipal poderá ordenar a práctica de comprobacións sobre as ditas entidades.

As comprobacións referiranse exclusivamente á súa actuación como entidades colaboradoras ou, no seu caso, como entidade xestora, podendo efectuar nas oficinas da entidade ou nos locais da Administración da Facenda local.

As actuacións poderán referirse ao exame da documentación relativa a operacións concretas ou estenderse á actuación de colaboración das ditas entidades ou das súas oficinas durante un período determinado de tempo.

Para a práctica das comprobacións, as entidades deberán poñer a disposición dos funcionarios designados para o efecto toda a documentación que estes soliciten en relación coa actuación da entidade na súa condición de xestora e/ou colaboradora, e en particular, extractos de contas correntes restrinxidas, documentos de ingreso e xustificantes de ingreso na conta designada a tal efecto. Así mesmo deberán permitir o acceso aos rexistros informáticos da entidade respecto das operacións realizadas na súa condición de xestora e/ou colaboradora.

Sen prexuízo das responsabilidades que no seu caso procedan, a entidade local poderá suspender temporalmente ou revocar definitivamente a autorización outorgada ás entidades de depósito para actuar como colaboradoras na recadación, ou excluír da prestación do servizo de colaboración a algunha das súas oficinas, se as ditas entidades incumprisen as obrigas establecidas na presente ordenanza ou na demais normativa aplicable ao servizo, as obrigas de colaboración coa Facenda pública ou as normas tributarias en xeral.

De igual forma entenderíase anulado o convenio coa entidade xestora cando, por causas imputables a esta última, se incumpriran as obrigas derivadas deste.

En particular, a Administración local poderá facer uso das facultades ás que se refiren os parágrafos anteriores cando se desen algunhas das seguintes circunstancias:

a) Presentación reiterada da documentación que como entidade xestora ou colaboradora debe achegar á Administración tributaria fóra dos prazos establecidos, de forma incompleta ou con graves deficiencias; manipulación dos datos contidos na dita documentación na que deba custodiar a entidade ou na que deba entregar aos contribuíntes.



- b) Incumprimento das obrigacións que as ditas entidades teñan de proporcionar ou declarar calquera tipo de datos, informes ou antecedentes con transcendencia tributaria a que obriga a Lei xeral tributaria e demais disposicións aplicables para o efecto.
- c) Colaboración ou consentimento no levantamento de bens embargados.
- d) Resistencia, negativa ou obstrución á actuación dos órganos e axentes de recadación.
- e) Non efectuar diariamente o ingreso das cantidades recadadas na conta restrinxida apropiada para tal efecto; non efectuar ou efectuar con retraso o ingreso das cantidades recadadas na conta designada para tal efecto, cando se ocasionase un prexuízo grave á Facenda local ou a un particular.
- f) Inutilidade da autorización, manifestada polo nulo ou escaso volume dos ingresos realizados a través da entidade.

ARTIGO 114

A ordenación das prácticas de control recolleranse nunha autorización. En todo caso a dita autorización deberá ser posta de manifesto ante os responsables da entidade ou da oficina obxecto de control e asinarán o correspondente recibido, ao inicio das actuacións de control. Calquera negativa ou obstrución por parte da entidade ás actuacións de comprobación será recollida na correspondente dilixencia de constancia de feitos. Posteriormente, remitirase unha copia da dita dilixencia ao Departamento de Recadación para os efectos da tramitación do correspondente expediente administrativo.

Comprobaranse os seguintes aspectos:

- a) control da recepción de documentos
- b) control de validación
- c) control de ingresos.

Cada unha das precitadas actuacións de control desenvolverase por Decreto da Alcaldía ou Resolución da Concellería Delegada de Facenda.

ARTIGO 115

Regularase, por Decreto da Alcaldía ou Resolución da Concellería Delegada de Facenda, o réxime da tramitación dos expedientes administrativos incoados á entidade xestora ou ás entidades colaboradoras.

DISPOSICIÓN ADICIONAL:

Declaracións e comunicacións ante o Catastro Inmobiliario:

- 1.- A liquidación, recadación e revisión dos actos ditados en vía de xestión tributaria do imposto sobre bens inmoables, serán de competencia exclusiva do Concello.
- 2.- O procedemento de comunicación previsto no artigo 14 b) do Real Decreto Lexislativo 1/2004, Texto Refundido da Lei do Catastro Inmobiliario e 76.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, poderá ter por obxecto os seguintes feitos:
 - a) A realización de novas construcións.
 - b) A ampliación, rehabilitación ou reforma das construcións existentes, xa sexa parcial ou total.
 - c) A demolición ou derribo de construcións.
 - d) A modificación de uso ou destino de edificios e instalacións.

DISPOSICIÓN FINAL:

Queda derogada integramente a anterior Ordenanza xeral de xestión e recadación dos tributos e outros ingresos de dereito público local, aprobada en sesión plenaria de data 15 de xullo de 1997,



e as súas modificacións aprobadas en sesións plenarias de data 25 de febreiro de 1999 e 14 de decembro de 2002.

A presente ordenanza entrará en vigor e comezará a aplicarse o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

O texto íntegro da Ordenanza publicouse no BOP nº 255 de data 5 de novembro do 2008.

Por Pleno de data 29 de setembro do 2011 modificáronse os artigos 11º, 42º e 58º, publicándose o texto íntegro dos mesmos no BOP Nº 241 de data 21 de decembro do 2011.

Por Pleno de data 25 de setembro do 2012 modificouse o artigo 37º, publicándose o texto íntegro no BOP Nº 241 de data 21 de decembro do 2011.

Por Pleno de data 27 de decembro do 2012 modificouse o artigo 107, publicándose o seu texto íntegro no BOP Nº 61 de data 1 de abril do 2013.

Por Pleno de data 29 de outubro do 2015 modificáronse os artigos 37 e 42, publicándose os textos íntegros no BOP Nº 244 de data 22 de decembro.

Por Pleno de data 26 de setembro do 2019 modificáronse os artigos 39 e 82, publicándose os textos íntegros no BOP Nº 235 de data 11 de decembro 2019.